



CONCELLO DE VIGO

ÁREA DE EDUCACIÓN

ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS

PLAN DE NORMALIZACIÓN CURRICULAR (PNC)/CURSO 2008-2009

1. Memoria e normas xerais de aplicación
2. Ficha xeral do PNC
3. Horarios PNC/curso 2008-2009
4. Programación por especialidades
5. Normas específicas de aplicación no Curso 2008-2009
6. Vixencia do PNC

1. MEMORIA E NORMAS XERAIS DE APLICACIÓN

INTRODUCCIÓN

Un dos elementos críticos no desenvolvemento da EMAO é a inexistencia real dun Plano Curricular explícito que abrangue a totalidade da oferta educativa da escola. A práctica vén sendo a mera aprobación dun só plano anual, no que se relacionan os cursos ofertados para cada especialidade e o horario para cada un deles. A progresión dun alumno ao longo dos cursos só queda garantida cada ano, ao non existir realmente un currículo. Por outra banda, a duración de cada unha das especialidades tampouco está determinada, pois non se determinan as ensinanzas mínimas de cada especialidade, nin en número de horas nin en créditos.

Por outra banda, a oferta educativa da EMAO non estaba aínda fixada nin resposta a unha estrutura sistemática, senon que vén sendo o produto de procesos coxunturais e inerciais.

O curso 2007-2008 define un importante momento de inflexión, como consecuencia da imposibilidade de dar continuidade ao modelo de contratación da metade do profesorado por procedementos temporais de obra e servizo como viña sendo habitual. As circunstancias derivadas da nova normativa laboral, sitúan sobre o tapete a febleza estrutural da oferta da EMAO, pon de manifesto a súa precariedade e obrigan a plantexarse a procura de solucións a unha problemática que, apuntada e mesmo denunciada en múltiples ocasións dende tódolos ámbitos activos no Organismo Autónomo -tal e como se recolle nas actas da Xunta Rectora de practicamente a última década- nunca se acomete.

Ante as novas circunstancias, e despois dun traballo pormenorizado de achegamento e diagnóstico á “historia” curricular da EMAO, óptase por acometer un proceso que, a medio prazo, desembogue nun Proxecto Curricular definitivo, que responda aos retos actuais e futuros da educación de adultos en materia de artes e oficios e ás demandas actuais e potenciais da poboación, e que constitúa un tronco firme sobre o que resituara a historia desta Escola.

Este proceso parte dos seguintes principios:

- A finalización do período de Universidade Popular, entendendo que a vontade expresa das Corporacións é a plena recuperación, non só do nome, senon do contido actualizado dunha Escola de Artes e Oficios e, en consecuencia:
- A limitación da oferta educativa da EMAO a materias vinculadas tradicionalmente ao campo das Artes e Oficios e ao recollido da LOE como estudos profesionais de Arte e Deseño;
- Integración de xeito coherente no mesmo Centro, de estudos de carácter regrado profesional e non regrado de educación de adultos;
- A potenciación da institución como Centro Educativo, cun plan curricular expreso que teña como finalidade non só a aprendizaxe de coñecementos e técnicas dun ámbito artístico determinado ou dun oficio artístico ou tradicional ou profesión vinculada ás artes e ao deseño, senon tamén a formación integral do alumnado, mediante un proceso educativo complexo que combine a formación específica e a xeralista en materia de arte e cultura;
- A relación dos estudos de Artes e Oficios coa sociedade, tanto dende o punto de vista dos seus obxectivos e contidos, como dende a implicación con institucións e entidades externas na vida cotidiana da Escola;
- A adecuación dos recursos e medios á finalidade dun ensino da máxima calidade

Tal proceso, que debe desembocar nun Plan Curricular definitivo, deseñouse dende o Servizo Municipal de Educación, baixo a dirección do xefe dese Servizo e Supervisor da EMAO, cunha fase inicial, que agora se presenta, que denominamos Plan de Normalización Curricular (PNC).

CONTIDO DO PLAN DE NORMALIZACIÓN CURRICULAR (PNC)

Esta fase correspóndese con accións de axuste, homologación e normalización da deslabazada e non expresa oferta educativa que viña desenvolvéndose ata o curso 2006-2007.

Non se trata, pois, en sentido estrito, dun novo Plan Curricular. A redacción e implantación deste debe ser produto dun proceso sistemático de estudo e reflexión, con fondas implicacións teóricas, organizativas e orzamentarias, imposible, e non desexable de realizar, no estreito marxe de un ano e co nivel de cualificación dos recursos humanos actuais adscritos á EMAO.

O obxectivo do PNC é ordenar, facer visible e formalizar, no nivel mínimo esixible nunha institución educativa, a oferta da EMAO. Supón a substitución real, a partir do curso 2008-2009, da planificación coxuntural anual que se viña aprobando dende hai alomenos 15 anos.

O PNC forma parte do conxunto de proxectos e accións estratéxicas de reforma e adaptación que se acometen a partir do curso 2007-2008, seguindo as instrucións da concelleira delegada de Educación e Presidenta do Organismo Autónomo, Laura López Atrio. Estes proxectos e accións abranguen os ámbitos organizativo, administrativo, laboral, educativo, cultural e arquitectónico e conformarán, unha vez finalizados e aprobados, a estrutura básica da EMAO, xa adaptada ás esixencias legais e sociais actuais.

A elaboración do Plan Curricular definitivo, deberá ser un obxectivo do Organismo Autónomo a iniciar -a partir das bases asentadas neste PNC- no ano 2009 mediante un proceso intensivo e sistemático de traballo que daría lugar a un documento de proposta resultado de:

- O estudo de institucións e experiencias similares en Concellos españois
- As conclusións dun panel de expertos formado *ad hoc* con persoas de recoñecido prestixio nos ámbitos educativo e artístico
- As negociacións e acordos coa Consellería de Educación da Xunta de Galicia
- O traballo conxunto con outras dependencias municipais que realizan actividades educativas e, nomeadamente, co servizo de promoción económica e emprego, no que respecta ao ámbito da formación ocupacional e contínua
- A reflexión e propostas procedentes dos membros da comunidade educativa da Escola de Artes e Oficios actual
- As propostas que se poidan realizar dende o Consello Escolar Municipal
- A avaliación da experiencia derivada da historia da Escola de Artes e Oficios de Vigo

O PNC é, pois, un Plan provisional, adaptado de xeito realista á situación organizativa, laboral e orzamentaria actual, que persegue a clarificación, formalización, regularización e publicitación axeitada da oferta actual, que se considera insostible. Supón ademais a condición imprescindible e a base para o Proxecto curricular definitivo.

PROCEDIMENTO DE ELABORACIÓN

O PNC redactouse conforme ao seguinte proceso:

- x Definición do alcance dos traballos e programación do seu desenvolvemento
- x Reunións de traballo previas de contraste con docentes seleccionados para redefinición do alcance
- x Reunión do profesorado en gran grupo
- x Elaboración da ficha-tipo de proxecto curricular por especialidade
- x Reparto e cubrición da ficha-tipo ao profesorado

- x Entrevista persoal do equipo de dirección do traballo con cada docente
- x Revisión de fichas e cotexo co profesorado
- x Redacción final dos documentos base do PNC: Ficha xeral do Plan, Horarios, Plan anual, Programación e Memoria

Equipo redactor:

Ignacio Ojea Pérez, *técnico superior de Educación, servizo de Educación*

Rafael Ojea Pérez, *xefe do Servizo de Educación, Supervisor da EMAO*

Rodrigo Romaní Blanco, *Técnico superior do Conservatorio de Música Tradicional da EMAO con funcións asignadas de dirección da e-Trad dentro do Servizo de Educación*

LIÑAS XERAIS DO PNC

1. Eliminación dos estudos de música e idiomas

Conforme aos acordos tomados pola Xunta Rectora do Organismo, segréganse a totalidade das ensinanzas de música tradicional e folk, para constituír unha nova Escola que baixo a denominación da e-Trad pasa a depender do Servizo Municipal de Educación. Estas ensinanzas desenvolveranse a partir do curso 2008-2009 e ata que se atope unha ubicación definitiva, nos locais do edificio da EMAO que viña ocupando o Departamento de Música, ampliándose a outros dous novos espazos do edificio: antiga Aula de Música e Taller provisional de gravado (que pasará a ocupar un espazo máis axeitado no soto primeiro, na zona de Artes Gráficas)

Dáse por rematada, sen solución de continuidade a especialidade de Música Moderna e Son.

Non se prevén cursos de idioma galego

2. Organización da oferta educativa

O PNC establece a agrupación das especialidades en 4 Grupos, en función do seu carácter: -regrado/non regrado, profesional/non profesional, patrimonial- ou a súa posición no proceso de creación do Plan Curricular definitivo:

Grupo I. Ensino Profesional

Grupo I.a)

Correspóndense con disciplinas cuxa meta é convertirense en ensinanzas regradas de carácter profesional en oficios artísticos. Correspóndense con ciclos formativos recoñecidos no ensino oficial e que teñen xa unha presenza consolidada na EMAO e/ou supoñen completar a rede educativa en Galicia e na provincia de Pontevedra.

Perséguese a progresiva consolidación dos estudos profesionais de Artes e Oficios, actualmente inexistentes na provincia, a partir das ensinanzas tradicionais da EMAO.

Seleccionáronse para esta primeira fase, a conformación de catro ciclos formativos Superiores de Formación Profesional:

Cerámica Artística por posuir unha xa consolidada tradición na EMAO, cun forte prestixio no sector, demanda permanente e alta capacitación do profesorado.

Familia Profesional Artes do Libro (Ciclos de: Encadernación artística, Gravado e técnicas de Estampación e Serigrafía). A selección de ciclos desta familia profesional vincúlase, por unha banda, á súa non presenza na provincia e no enraizamento na tradición socioeconómica de Vigo, capital galega da edición. O seu desenvolvemento está, ademais, intimamente vencellado a outras disciplinas artísticas presentes na Escola como artes gráficas e deseño, talla en madeira, debuxo e pintura e co oficio de repuxado en coiro.

O PNC neste apartado ten por obxectivo o inicio no curso 2009-2010 dos ciclos formativos en Cerámica e Encadernación artística e a valoración da implantación dos ciclos de Gravado e Técnicas de Estampación e de Serigrafía.

Con esta referencia temporal, plantéase o curso 2008-2009 como un curso de transición nestas disciplinas, coa extinción dos cursos actuais nun horizonte de dous anos, nos que o alumnado actual rematará o *ciclo* “teórico” iniciado. Para posibilitar esta transición cos medios humanos existentes, non se convocará para o curso 2008-2009 prazas nos cursos de iniciación nin en Cerámica nin en Encadernación.

Grupo I.b)

Correspóndese con disciplinas de clara vocación profesional xa existentes na Escola, pero que non teñen, polo de agora, correspondencia nos currículos oficiais de formación profesional regrada. Pola súa tradición, singularidade e implantación, considéranse estratéxicas no PNC.

Para este grupo establécese un currículum non regrado “profesional”, que emulará a estrutura, duración e contidos dos ciclos formativos. Son as disciplinas de Construcción artesanal de instrumentos musicais (CAIM): zanfona, gaita e luthería antiga. O PNC contempla completar -no momento oportuno- con CAIM Percusión, que actualmente non se imparte na EMAO.

As características destas especialidades permite o inicio do novo Plan en CAIM no curso 2008-2009, con dous cursos de duración e unha significativamente maior carga lectiva semanal para o alumnado en relación coa carga no ensino non regrado da EMAO.

A implantación deste novo currículum permitirá a transición *natural* a ensino regrado no momento no que se aproben os estudos oficiais desta familia profesional (actualmente en estudio na Consellería de Educación, previsión aprobación curso 2010-2011).

O Grupo I.b) representa no PNC os cambios con vocación máis transformadora e máis próxima ao que sería un Plan curricular definitivo, tanto pola súa estrutura como pola súa intensidade e duración.

Grupo II. Ensino non Regrado en Artes e Oficios

Os seus contidos e relación de especialidades herdán a traxectoria histórica da Escola, introducindo unha nova reordenación pedagóxica.

Son aquelas que teñen unha tradición de constancia dentro do ensino artístico ou artesanal da Escola, contan con profesorado estable, e gozan do favor da sociedade viguesa que vén beneficiándose das súas actividades dende hai décadas.

Neste grupo situaríamos as especialidades artísticas e artesanais non enfocadas directamente ó desempeño dun posto de traballo ou actividade económica, aínda que indirectamente podan producir eses efectos, pero cuxa motivación principal reside na educación complementaria de xoves e adultos, educación ao longo da vida. Dirixido a un sector da poboación que procura un nivel e un ritmo de aprendizaxe diferente ao das ensinanzas profesionais ofrecidas noutras modalidades educativas.

Son as seguintes:

PINTURA

DEBUXO

ESCULTURA E TALLA, EN MADEIRA

MODA E CONFECCIÓN

OURIVERÍA

ARTES GRÁFICAS

REPUXADO EN COIRO

ENCAIXE DE PALILLOS

O PNC establece para todas estas materias a súa normalización e homologación mediante a fixación dos seus contidos, distribución horaria, formación complementaria, división temporal e duración total.

Para facilitar a transición entre os cursos que se cursaron en 2007-2008 e o PNC, contéplase a realización, nalgunha das especialidades, dun curso monográfico ou de actividades de aula aberta-proxecto a alumnado saínte dos chamados no plan anual de 2007-08, Perfeccionamento III.

Grupo III. Formación complementaria

Correspóndese con coñecementos complementarios básicos que debe posuír o alumnado das ensinanzas ofertadas pola EMAO. Poderán programarse cada ano ben como materia complementaria con horario, ben como monografía de duración determinada con convocatoria autónoma. Na

ficha xeral do PNC contémpanse as proxectadas para cada grupo de especialidades.

Grupo IV. Oficios artesanais tradicionais

Supón unha novidade e ampliación de ensinanzas clásicas da EMAO. É unha proposta a ser desenvolvida e implantada progresivamente, sen que o seu desenvolvemento teña que ter necesariamente sede no actual edificio.

Abre este grupo a posibilidade de participar na Escola nun labor activo de conservación e difusión patrimonial de saberes tradicionais que están na base da artesanía actual. Resposta á obriga das administracións públicas de velar pola salvagarda do patrimonio cultural e, no caso da EMAO, á necesidade de establecer procesos de transmisión sistematizada do saber mediante ensino-aprendizaxe, investigación e difusión.

Nunha primeira fase, a desenvolver en 2008-2009, propónse o estudo da integración na estrutura educativa EMAO de actividades formativas deste carácter existentes no propio Concello de Vigo (Cestería e Carpintería de Ribeira), para progresivamente incorporar outros oficios. Propónse para iniciar as ensinanzas no período 2009-2011: alto e baixo lizo, carpintería, forxa artística. Estas ensinanzas poderían desenvolverse nos locais da antiga Escola Unitaria Mestres Goldar, que xa albergou no seu día accións de formación ocupacional (Escola Taller e Casa de Oficios).

3. Fixación da programación

O PNC recolle expresamente os contidos temporalizados por especialidade (Programa especialidades 08-09), con expresión de obxectivos e metodoloxía. Foron elaborados polos actuais docentes para cadansúa disciplina. No seu nivel de elaboración actual presentan diferenzas e desequilibrios internos que obrigan a un afinamento e mellor desenvolvemento para os cursos vindeiros. Esta programación, aínda que necesariamente provisional, será expresa e coñecida polo alumnado.

4. Fixación das ensinanzas mínimas para acadar a certificación de estudos

Para o Grupo II se establécese un plan de estudos de:

Duración total: 432 horas en 3 cursos: Iniciación, Perfeccionamento I e Perfeccionamento II

Formación complementaria: 3 materias de 36 horas de duración cada unha (debuxo, volume e historia da arte)

Profesorado específico: 24 horas lectivas semanais e réxime de titorías e outras actividades docentes

Alumnado: certificación final con acreditación de estudos cursados

Para o Grupo I.a)

Estudios de transición a Ciclos Formativos. Extinción cursos plans anuais anteriores.

Duración de cada curso:

Cerámica: Perfeccionamento I: 216 horas/ Perfeccionamento II: 144 horas/

Monográfico: 144 horas

Encadernación: Perfeccionamento I e II: 180 horas/ Monográfico: 72 horas

Profesorado: 24 horas lectivas

Alumnado: certificación final con acreditación de estudos cursados

Para Grupo I.b)

Duración total: 972 horas en dous cursos

Específicas: 756 horas; Complementarias: 216 horas

Alumnado: certificación final con acreditación de estudos cursados

Complementarias

O alumnado que curse as especialidades do Grupo II deberá, para poder acceder á certificación de estudos, acreditar haber cursado as materias complementarias comúns ao longo dos tres anos previstos no curriculum. A EMAO garantizará a oferta de cursos complementarios abondo para atender á totalidade dos alumnos matriculados.

As materias complementarias comúns e específicas contidas no Grupo I.b) CAIM deberán ser cursadas obrigatoriamente polo alumnado en cada período anual correspondente tanto para poder promocionar en cada un deles como para acadar a certificación de fin de estudos.

5. Establecemento das transicións entre os estudos realizados polo alumnado procedente de plans anuais anteriores e o PNC, no curso 2008-2009

A aplicación do PNC supón a extinción das ensinanzas iniciadas conforme a anteriores plans de carácter anual. Dáse paso así a este Plan de Estudos (PNC) que supón unha oferta completa e pechada, a diferenza dos anos anteriores nos que esta era exclusivamente de desenvolvemento anual.

Para as especialidades do Grupo I o PNC contempla a transición dende a ensinanza de adultos non regrada, á ensinanza de carácter profesional. Nas especialidades do Grupo II, o PNC regula o contido, ensinanzas mínimas e duración de cada unha e establece as equivalencias coas ensinanzas do plan anual 2007-2008.

O documento Horario Curso 2008-2009 contempla as equivalencias entre os estudos provintes de plans anuais anteriores e o PNC.

Coa aprobación en Xunta Rectora do presente PNC, dánse por concluídos os estudos curriculares na EMAO do alumnado que no curso 2007-2008 rematou -na

denominación contida nese plan anual- Perfeccionamento III ou Actividade Libre. A estes efectos, a EMAO emitirá un certificado acreditativo, con indicación do número total de horas cursadas nos plans anuais consecutivos nos que estivo matriculado na especialidade en cuestión.

Non embargantes, coa finalidade de posibilitar a realización de proxectos persoais de interese, ábrese a actividade extracurricular “Aula Aberta/Proxecto”, destinada aos que tivesen cursado Perfeccionamento III no curso 2007-2008 en calquera especialidade dos grupos I e II. Esta actividade figura regulada no documento correspondente ás Normas de Aplicación do Plan anual (PA) 2008-2009 e será convocada posteriormente ao período de matrícula oficial para este curso.

Coa finalidade de permitir a transición entre as ensinanzas actuais e os ciclos formativos, non se convocan cursos de iniciación nas especialidades de Cerámica e Encadernación. A convocatoria de prazas de Iniciación nas especialidade CAIM, quedará condicionada á existencia de vacantes despois de formalizada a matrícula do alumnado procedente do plan anual 2007-2008.

Nas especialidades do Grupo II, e coa finalidade de normalizar a medio prazo os horarios e oferta educativa non regrada da Escola e permitir, de ser o caso, a súa compatibilidade nos mesmos espazos con cursos de carácter regrado, a totalidade dos cursos de iniciación do PNC terán horario exclusivamente de tarde, en dous turnos, de 16,00 a 18,00 horas e de 18,00 a 20,00 horas. No resto dos cursos do PNC (perfeccionamento I e II), respectouse o horario (exclusivamente no referido a se serán de mañán ou tarde) *arrastrado* do curso 2007-2008.

6. Formación en metodoloxía didáctica do profesorado

A formación específica e didáctica do profesorado da EMAO é un obxectivo prioritario no PNC. Ao comezo do Curso 2008-2009 por parte do equipo directivo, en estreita colaboración co claustro de profesores, elaborárase un plan de formación contínua, que se levará a cabo coa colaboración directa, por razón de especialización e competencia, do Servizo de Educación Municipal

7. Cursos intensivos de verán (mes de xullo)

Ata o de agora, o mes de xullo viña sendo non lectivo, desaproveitando unha magnífica oportunidade de mellorar as relacións da EMAO co seu contorno. O equipo directivo programará no primeiro trimestre do curso, para ser desenvolvido durante o mes de xullo de cada ano, unha proposta de cursos de verán, de carácter monográfico e intensivo, ben para público especializado, ben para divulgación, dun mínimo de 40 horas de duración. Serán impartidos, por vía da regra, polo profesorado titular da EMAO.

2. FICHA XERAL DO PNC

GRUPOS CURRICULARES

GRUPO I de especialidades: a meta é chegar a ofrecer **ensino profesional** en oficios artísticos. Dúas situacións:

a) Preparación para a instauración de Ciclos Formativos Superiores de Formación Profesional no curso 2009-2010, das seguintes materias, xa existentes na oferta actual de FP, pero non no sur de Galicia:

Cerámica Artística
Artes do libro: Encadernación
Artes do libro: Gravado e Técnicas de estampación (en estudo)
Artes do libro: Serigrafía (en estudo)

Relacionado con este obxectivo, convocaranse no curso 2008-2009, entendidos como cursos-ponte de transición, as seguintes materias:

CERÁMICA ENCADERNACIÓN

b) Preparación para a instauración de Ciclos Formativos de Formación Profesional, no momento no que estean regulados (previsión 2010-2011), das seguintes materias:

Construción artesanal de instrumentos musicais: zanfona
Construción artesanal de instrumentos musicais: gaita
Construción artesanal de instrumentos musicais: luthería antiga
Construción artesanal de instrumentos musicais: percusión (en estudo)

Relacionado con este obxectivo, convocaranse no curso 2008-2009 as seguintes materias, distribuídas en dous cursos, con maior carga lectiva semanal, preparatorio da situación previsible que se dará coa implantación do ciclo formativo:

**CONSTRUCCIÓN ARTESANAL DE INSTRUMENTOS MUSICAIS (CAIM):
ZANFONA
CONSTRUCCIÓN ARTESANAL DE INSTRUMENTOS MUSICAIS (CAIM):
GAITA
CONSTRUCCIÓN ARTESANAL DE INSTRUMENTOS MUSICAIS (CAIM):
LUTHERÍA ANTIGA**

GRUPO II de especialidades: **ensino non regrado** de oficios e artes. Neste contexto, convocaranse para o curso 2008-2009, as seguintes especialidades:

PINTURA
DEBUXO
ESCULTURA E TALLA, EN MADEIRA
MODA E CONFECCIÓN
OURIVERÍA
ARTES GRÁFICAS
REPUXADO EN COIRO
ENCAIXE DE PALILLOS

GRUPO III de disciplinas: **coñecementos complementarios básicos** que debe posuír o alumnado das ensinanzas que oferta a EMAO, como **materias complementarias**, pero tamén con autonomía para ser cursadas por separado, como **monografías**.

Materias complementarias comúns para o Grupo II de disciplinas:

Debuxo e expresión artística
Historia da arte
Volume e modelado

Materias complementarias comúns para CAIM do Grupo I de disciplinas:

Curso 1:

Análise e medida
Acústica aplicada
Debuxo

Curso 2:

Linguaxe musical
Historia da música
Actividade empresarial

Específico para cada especialidade (en Curso 2):

Organoloxía e técnica básica

Monográficos

Gravado
Restauración (para alumnado Encadernación)
Cubertas e Proxectos (para alumnado Cerámica)

GRUPO IV de especialidades: constitúe a maior novidade do Plan de Normalización Curricular. A EMAO pode representar con esta nova aplicación o eixo principal de coordinación das actividades que, en materia de protección e rehabilitación dos **oficios**

artesanais tradicionais, se realizan na cidade, e que respostan a unha nova interpretación da globalización da economía e a ameaza que pode supor para o patrimonio cultural da Humanidade a perda de fontes de identidade e diversidade. A inclusión da práctica e recuperación destes oficios contribue á modernización e posta ao día da EMAO en relación coas directrices que, en materia de educación e protección do patrimonio, indican tanto a UNESCO como outras prestixiosas organizacións internacionais.

As experiencias municipais de formación e promoción de oficios tradicionais (en cestería, en carpintería de ribeira, etc), que foron desenvolvidas por outros departamentos municipais, deberán ser un punto de partida para a posta en marcha de actividades neste eido.

3. HORARIOS CURSO 2008-2009

Especialidade: CERÁMICA.

Nº alumnos máximo especialidade: 75

Nº alumnos máximo por grupo: 15

Convocaranse os seguintes niveis:

Perfeccionamento I (grupos A e B): 6 horas/semana

Perfeccionamento II (A e B): 4 horas/semana

Monográfico Cubertas e Proxectos: 4 horas/semana

Co seguinte horario:

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09,00-10,00					
10,00-11,00					TITORÍA/AA
11,00-12,00	PERFECC. I A		PERFECC. I A		TITORÍA/AA
12,00-13,00	PERFECC. I A	PERFECC. II A	PERFECC. I A	PERFECC. II A	
13,00-14,00	PERFECC. I A	PERFECC. II A	PERFECC. I A	PERFECC. II A	
16,00-17,00					
17,00-18,00		PERFECC. II B		PERFECC. II B	
18,00-19,00	PERFECC. I B	PERFECC. II B	PERFECC. I B	PERFECC. II B	
19,00-20,00	PERFECC. I B	MONOG. CUB- PRO	PERFECC. I B	MONOG. CUB- PRO	
20,00-21,00	PERFECC. I B	MONOG. CUB- PRO	PERFECC. I B	MONOG. CUB- PRO	

Profesorado:

MIGUEL VÁZQUEZ PÉREZ

Adaptación do Plan de actividades 07-08 a PNC:

ALUMNOS EN NIVEL 07-08	PASAN A NIVEL 08-09
INICIACIÓN	PERFECCIONAMENTO I
PERFECCIONAMENTO I	PERFECCIONAMENTO II
PERFECCIONAMENTO II E ESMALTE	MONOGRÁFICO

Especialidade: ENCADERNACIÓN.

Nº alumnos máximo especialidade: 90

Nº alumnos máximo por grupo: 15

Convocaranse os seguintes niveis:

Perfeccionamento I (grupos A e B): 5 horas/semana

Perfeccionamento II (A e B): 5 horas/semana

Monográfico Restauración (A e B): 2 horas/semana

Co seguinte horario:

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
08,00-09,00					
09,00-10,00					
10,00-11,00	PERFECC. II A	MONOG. REST. A	PERFECC. I A	PERFECC. II A	AA
11,00-12,00	PERFECC. II A	MONOG. REST. A	PERFECC. I A	PERFECC. II A	TITORÍA/AA
12,00-13,00		PERFECC. I A	PERFECC. I A	PERFECC. II A	TITORÍA
13,00-14,00		PERFECC. I A			
16,00-17,00	MONOG. REST. B				
17,00-18,00	MONOG. REST. B		PERFECC. I B	PERFECC. II B	
18,00-19,00	PERFECC. I B	PERFECC. II B	PERFECC. I B	PERFECC. II B	
19,00-20,00	PERFECC. I B	PERFECC. II B	PERFECC. I B	PERFECC. II B	

Profesorado:

PABLO OTERO PINO

Adaptación do Plan de actividades 07-08 a PNC:

ALUMNOS EN NIVEL 07-08	PASAN A NIVEL 08-09
INICIACIÓN	PERFECCIONAMENTO I
PERFECCIONAMENTO I	PERFECCIONAMENTO II
PERFECCIONAMENTO II	MONOGRÁFICO
PERFECCIONAMENTO III e Act. Libre	REMATAN

O alumnado saínte de Perfeccionamento III, poderá optar á actividade extracurricular “Aula aberta-proxectos” que se define no apartado 4 do PNC: “Normas Específicas”.

Especialidade: CONSTRUCCIÓN ARTESANAL DE INSTRUMENTOS MUSICAIS (CAIM): ZANFONA.

Nº alumnos máximo especialidade: 12

Nº alumnos máximo por grupo: 6

Total horas Especialidade: 972, en dous cursos

Total horas de Materias específicas: 756

Tecnoloxía e Práctica de Obradoiro (360 h): Zanfona I e Zanfona II

Organoloxía e Introducción á Técnica Básica (36 h): en Curso 2

Total horas Materias complementarias comúns: 216

Curso 1: Análise e Medida (36h), Acústica Aplicada (36h), Debuxo (36h)

Curso 2: Linguaxe Musical (36h), Hª Música (36h), Actividade Empresarial (36h)

Convocaranse os seguintes niveis:

Zanfona I: 10 horas/semana

Zanfona II: 10 horas/semana

Co seguinte horario:

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09,00-10,00					
10,00-11,00					AA/TITORÍA
11,00-12,00					AA/TITORÍA
12,00-13,00					
13,00-14,00					
16,00-17,00	ZANFONA I	ZANFONA I	ZANFONA I	ZANFONA I	ZANFONA I
17,00-18,00	ZANFONA I	ZANFONA I	ZANFONA I	ZANFONA I	ZANFONA I
18,00-19,00	ZANFONA II	ZANFONA II	ZANFONA II	ZANFONA II	ZANFONA II
19,00-20,00	ZANFONA II	ZANFONA II	ZANFONA II	ZANFONA II	ZANFONA II

Profesorado:

XAIME RIVAS DACOSTA (Zanfona I e II)

Colaboración coa Universidade de Vigo (Análise e Medida, Acústica Aplicada)

Colaboración coa e-Trad (Historia da Música, Linguaxe Musical e Técnica Básica)

Asistencias técnicas (Actividade Empresarial, Debuxo)

Adaptación do Plan de actividades 07-08 a PNC:

ALUMNOS EN NIVEL 07-08	PASAN A NIVEL 08-09
INICIACIÓN	ZANFONA I
PERFEC. I e II	ZANFONA II
PERFECCIONAMENTO III e Act. Libre	REMATAN

O alumnado saínte de Perfeccionamento III, poderá optar á actividade extracurricular “Aula aberta-proxectos” que se define no apartado 4 do PNC: “Normas Específicas”.

Especialidade: CONSTRUCCIÓN ARTESANAL DE INSTRUMENTOS MUSICAIS (CAIM): GAITA.

Nº alumnos máximo especialidade: 12

Nº alumnos máximo por grupo: 6

Total horas Especialidade: 972, en dous cursos

Total horas de Materias específicas: 756

Tecnoloxía e Práctica de Obradoiro (360 h): Gaita I e Gaita II

Organoloxía e Introducción á Técnica Básica (36 h): en Curso 2

Total horas Materias complementarias comúns: 216

Curso 1: Análise e Medida (36h), Acústica Aplicada (36h), Debuxo (36h)

Curso 2: Linguaxe Musical (36h), Hª Música (36h), Actividade Empresarial (36h)

Convocaranse os seguintes niveis:

Gaita I: 10 horas/semana

Gaita II: 10 horas/semana

Co seguinte horario:

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09,00-10,00					
10,00-11,00					AA/TITORÍA
11,00-12,00					AA/TITORÍA
12,00-13,00					
13,00-14,00					
16,00-17,00	GAITA I	GAITA I	GAITA I	GAITA I	GAITA I
17,00-18,00	GAITA I	GAITA I	GAITA I	GAITA I	GAITA I
18,00-19,00	GAITA II	GAITA II	GAITA II	GAITA II	GAITA II
19,00-20,00	GAITA II	GAITA II	GAITA II	GAITA II	GAITA II

Profesorado:

CARLOS CORRAL FERNÁNDEZ (Gaita I e II)

Colaboración coa Universidade de Vigo (Análise e Medida, Acústica Aplicada)

Colaboración coa e-Trad (Historia da Música, Linguaxe Musical e Técnica Básica)

Asistencias técnicas (Actividade Empresarial, Debuxo)

Adaptación do Plan de actividades 07-08 a PNC:

ALUMNOS EN NIVEL 07-08	PASAN A NIVEL 08-09
INICIACIÓN	GAITA I
PERFEC. I e II	GAITA II
PERFECCIONAMENTO III e Act. Libre	REMATAN

O alumnado saínte de Perfeccionamento III, poderá optar á actividade extracurricular “Aula aberta-proxectos” que se define no apartado 4 do PNC: “Normas Específicas”

Especialidade: CONSTRUCCIÓN ARTESANAL DE INSTRUMENTOS MUSICAIS (CAIM):LUTHERÍA ANTIGA.

Nº alumnos máximo especialidade: 12

Nº alumnos máximo por grupo: 6

Total horas Especialidade: 972, en dous cursos

Total horas de Materias específicas: 756

Tecnoloxía e Práctica de Obradoiro (360 h): Luthería I e Luthería II

Organoloxía e Introducción á Técnica Básica (36 h): en Curso 2

Total horas Materias complementarias comúns: 216

Curso 1: Análise e Medida (36h), Acústica Aplicada (36h), Debuxo (36h)

Curso 2: Linguaxe Musical (36h), Hª Música (36h), Actividade Empresarial (36h)

Convocaranse os seguintes niveis:

Luthería I: 10 horas/semana

Luthería II: 10 horas/semana

Co seguinte horario:

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09,00-10,00					
10,00-11,00					AA/TITORÍA
11,00-12,00					AA/TITORÍA
12,00-13,00					
13,00-14,00					
16,00-17,00	LUTHERÍA I	LUTHERÍA I	LUTHERÍA I	LUTHERÍA I	LUTHERÍA I
17,00-18,00	LUTHERÍA I	LUTHERÍA I	LUTHERÍA I	LUTHERÍA I	LUTHERÍA I
18,00-19,00	LUTHERÍA II	LUTHERÍA II	LUTHERÍA II	LUTHERÍA II	LUTHERÍA II
19,00-20,00	LUTHERÍA II	LUTHERÍA II	LUTHERÍA II	LUTHERÍA II	LUTHERÍA II

Profesorado:

RAMÓN RODRÍGUEZ CASAL (Luthería I e II)

Colaboración coa Universidade de Vigo (Análise e Medida, Acústica Aplicada)

Colaboración coa e-Trad (Historia da Música, Linguaxe Musical e Técnica Básica)

Asistencias técnicas (Actividade Empresarial, Debuxo)

Adaptación do Plan de actividades 07-08 a PNC:

ALUMNOS EN NIVEL 07-08	PASAN A NIVEL 08-09
INICIACIÓN	ZANFONA I
PERFEC. I e II	ZANFONA II
PERFECCIONAMENTO III e Act. Libre	REMATAN

O alumnado saínte de Perfeccionamento III, poderá optar á actividade extracurricular “Aula aberta-proxectos” que se definen no apartado 4 do PNC: “Normas Específicas”

Especialidade: PINTURA.

Nº alumnos máximo especialidade: 90

Nº alumnos máximo por grupo: 15

Total horas Especialidade: 432, en tres cursos

Total horas de Materias específicas: 324

Total horas Materias complementarias comúns: 108

Debuxo (36h), Historia da Arte (36h), Volume e Modelado (36h)

Convocaranse os seguintes niveis:

Iniciación (A e B): 4 horas/semana

Perfeccionamento I (A e B): 4 horas/semana

Perfeccionamento II (A e B): 4 horas/semana

Co seguinte horario:

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09,00-10,00		PERFEC. II A		PERFEC. II A	
10,00-11,00		PERFEC. II A		PERFEC. II A	AA
11,00-12,00		PERFEC. I A		PERFEC. I A	TITORÍA/AA
12,00-13,00		PERFEC. I A		PERFEC. I A	TITORÍA
13,00-14,00					
16,00-17,00	INICIACIÓN B	PERFEC. II B	INICIACIÓN B	PERFEC. II B	
17,00-18,00	INICIACIÓN B	PERFEC. II B	INICIACIÓN B	PERFEC. II B	
18,00-19,00	PERFEC. I B	INICIACIÓN A	PERFEC. I B	INICIACIÓN A	
19,00-20,00	PERFEC. I B	INICIACIÓN A	PERFEC. I B	INICIACIÓN A	
20,00-21,00					

Profesorado:

PAULA MARIÑO PAZÓ

Asistencias técnicas (Debuxo, Historia da Arte e Volume e Modelado)

Adaptación do Plan de actividades 07-08 a PNC:

ALUMNOS EN NIVEL 07-08	PASAN A NIVEL 08-09
INICIACIÓN	PERFECCIONAMENTO I
PERFECCIONAMENTO I e II	PERFECCIONAMENTO II
PERFECCIONAMENTO III e Act. Libre	REMATAN

O alumnado saínte de Perfeccionamento III, poderá optar á actividade extracurricular “Aula aberta-proxectos” que se define no apartado 4 do PNC: “Normas Específicas”

Especialidade: **DEBUXO.**

Nº alumnos máximo especialidade: 90

Nº alumnos máximo por grupo: 15

Total horas Especialidade: 432, en tres cursos

Total horas de Materias específicas: 324

Total horas Materias complementarias comúns: 108

Debuxo (36h), Historia da Arte (36h), Volume e Modelado (36h)

Convocaranse os seguintes niveis:

Iniciación (A e B): 4 horas/semana

Perfeccionamento I (A e B): 4 horas/semana

Perfeccionamento II (A e B): 4 horas/semana

Co seguinte horario:

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09,00-10,00					
10,00-11,00		PERFEC. I A		PERFEC. I A	AA
11,00-12,00		PERFEC. I A		PERFEC. I A	TITORÍA/AA
12,00-13,00		PERFEC. II A		PERFEC. II A	TITORÍA
13,00-14,00		PERFEC. II A		PERFEC. II A	
16,00-17,00	INICIACIÓN A	PERFEC. I B	INICIACIÓN A	PERFEC. I B	
17,00-18,00	INICIACIÓN A	PERFEC. I B	INICIACIÓN A	PERFEC. I B	
18,00-19,00	INICIACIÓN B	PERFEC. II B	INICIACIÓN B	PERFEC. II B	
19,00-20,00	INICIACIÓN B	PERFEC. II B	INICIACIÓN B	PERFEC. II B	
20,00-21,00					

Profesorado:

RUT MARTÍNEZ LÓPEZ DE CASTRO

Asistencias técnicas (Debuxo, Historia da Arte e Volume e Modelado)

Adaptación do Plan de actividades 07-08 a PNC:

ALUMNOS EN NIVEL 07-08	PASAN A NIVEL 08-09
INICIACIÓN	PERFECCIONAMENTO I
PERFECCIONAMENTO I e II	PERFECCIONAMENTO II
PERFECCIONAMENTO III e Act. Libre	REMATAN

O alumnado saínte de Perfeccionamento III, poderá optar á actividade extracurricular “Aula aberta-proxectos” que se define no apartado 4 do PNC: “Normas Específicas”

Especialidade: ESCULTURA E TALLA, EN MADEIRA.

Nº alumnos máximo especialidade: 90

Nº alumnos máximo por grupo: 15

Total horas Especialidade: 432, en tres cursos

Total horas de Materias específicas: 324

Total horas Materias complementarias comúns: 108

Debuxo (36h), Historia da Arte (36h), Volume e Modelado (36h)

Convocaranse os seguintes niveis:

Iniciación (A e B): 4 horas/semana

Perfeccionamento I (A e B): 4 horas/semana

Perfeccionamento II (A e B): 4 horas/semana

Co seguinte horario:

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09,00-10,00					
10,00-11,00		PERFEC. I A		PERFEC. I A	AA
11,00-12,00		PERFEC. I A		PERFEC. I A	TITORÍA/AA
12,00-13,00		PERFEC. II A		PERFEC. II A	TITORÍA
13,00-14,00		PERFEC. II A		PERFEC. II A	
16,00-17,00	INICIACIÓN A	PERFEC. I B	INICIACIÓN A	PERFEC. I B	
17,00-18,00	INICIACIÓN A	PERFEC. I B	INICIACIÓN A	PERFEC. I B	
18,00-19,00	INICIACIÓN B	PERFEC. II B	INICIACIÓN B	PERFEC. II B	
19,00-20,00	INICIACIÓN B	PERFEC. II B	INICIACIÓN B	PERFEC. II B	
20,00-21,00					

Profesorado:

ROSA GARCÍA MARTÍNEZ (SUSTITUÍDA EN BAIXA POR VICTORIA RODRIGUEZ)

Asistencias técnicas (Debuxo, Historia da Arte e Volume e Modelado)

Adaptación do Plan de actividades 07-08 a PNC:

ALUMNOS EN NIVEL 07-08	PASAN A NIVEL 08-09
INICIACIÓN	PERFECCIONAMENTO I
PERFECCIONAMENTO I e II	PERFECCIONAMENTO II
PERFECCIONAMENTO III e Act. Libre	REMATAN

O alumnado saínte de Perfeccionamento III, poderá optar á actividade extracurricular “Aula aberta-proxectos” que se define no apartado 4 do PNC: “Normas Específicas”

Especialidade: MODA E CONFECCIÓN.

Nº alumnos máximo especialidade: 90

Nº alumnos máximo por grupo: 15

Total horas Especialidade: 432, en tres cursos

Total horas de Materias específicas: 324

Total horas Materias complementarias comúns: 108

Debuxo (36h), Historia da Arte (36h), Volume e Modelado (36h)

Convocaranse os seguintes niveis:

Iniciación (A e B): 4 horas/semana

Perfeccionamento I (A e B): 4 horas/semana

Perfeccionamento II (A e B): 4 horas/semana

Co seguinte horario:

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09,00-10,00					
10,00-11,00		PERFEC. I A		PERFEC. I A	AA
11,00-12,00		PERFEC. I A		PERFEC. I A	TITORÍA/AA
12,00-13,00		PERFEC. II A		PERFEC. II A	TITORÍA
13,00-14,00		PERFEC. II A		PERFEC. II A	
16,00-17,00	INICIACIÓN B	PERFEC. I B	INICIACIÓN B	PERFEC. I B	
17,00-18,00	INICIACIÓN B	PERFEC. I B	INICIACIÓN B	PERFEC. I B	
18,00-19,00	PERFEC. II B	INICIACIÓN A	PERFEC. II B	INICIACIÓN A	
19,00-20,00	PERFEC. II B	INICIACIÓN A	PERFEC. II B	INICIACIÓN A	
20,00-21,00					

Profesorado:

M^a TERESA FERNÁNDEZ NOGUEIRA

Asistencias técnicas (Debuxo, Historia da Arte e Volume e Modelado)

Adaptación do Plan de actividades 07-08 a PNC:

ALUMNOS EN NIVEL 07-08	PASAN A NIVEL 08-09
INICIACIÓN	PERFECCIONAMENTO I
PERFECCIONAMENTO I e II	PERFECCIONAMENTO II
PERFECCIONAMENTO III e Act. Libre	REMATAN

O alumnado saínte de Perfeccionamento III, poderá optar á actividade extracurricular “Aula aberta-proxectos” que se define no apartado 4 do PNC: “Normas Específicas”

Especialidade: **OURIVERÍA.**

Nº alumnos máximo especialidade: 90

Nº alumnos máximo por grupo: 15

Total horas Especialidade: 432, en tres cursos

Total horas de Materias específicas: 324

Total horas Materias complementarias comúns: 108

Debuxo (36h), Historia da Arte (36h), Volume e Modelado (36h)

Convocaranse os seguintes niveis:

Iniciación (A e B): 4 horas/semana

Perfeccionamento I (A e B): 4 horas/semana

Perfeccionamento II (A e B): 4 horas/semana

Co seguinte horario:

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09,00-10,00					
10,00-11,00					AA
11,00-12,00	PERFEC. II A	PERFEC. I A	PERFEC. II A	PERFEC. I A	TITORÍA/AA
12,00-13,00	PERFEC. II A	PERFEC. I A	PERFEC. II A	PERFEC. I A	TITORÍA
13,00-14,00					
16,00-17,00	INICIACIÓN A	INICIACIÓN B	INICIACIÓN A	INICIACIÓN B	
17,00-18,00	INICIACIÓN A	INICIACIÓN B	INICIACIÓN A	INICIACIÓN B	
18,00-19,00	PERFEC. I B	PERFEC. II B	PERFEC. I B	PERFEC. II B	
19,00-20,00	PERFEC. I B	PERFEC. II B	PERFEC. I B	PERFEC. II B	
20,00-21,00					

Profesorado:

EDUARDO ÁLVAREZ BLANCO

Asistencias técnicas (Debuxo, Historia da Arte e Volume e Modelado)

Adaptación do Plan de actividades 07-08 a PNC:

ALUMNOS EN NIVEL 07-08	PASAN A NIVEL 08-09
INICIACIÓN	PERFECCIONAMENTO I
PERFECCIONAMENTO I e II	PERFECCIONAMENTO II
PERFECCIONAMENTO III e Act. Libre	REMATAN

O alumnado saínte de Perfeccionamento III, poderá optar á actividade extracurricular “Aula aberta-proxectos” que se define no apartado 4 do PNC: “Normas Específicas”

Especialidade: **ARTES GRÁFICAS.**

Nº alumnos máximo especialidade: 90

Nº alumnos máximo por grupo: 15

Total horas Especialidade: 432, en tres cursos

Total horas de Materias específicas: 324

Total horas Materias complementarias comúns: 108

Debuxo (36h), Historia da Arte (36h), Volume e Modelado (36h)

Convocaranse os seguintes niveis:

Iniciación (A e B): 4 horas/semana

Perfeccionamento I (A e B): 4 horas/semana

Perfeccionamento II (A e B): 4 horas/semana

Co seguinte horario:

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09,00-10,00					
10,00-11,00		PERFEC. I A		PERFEC. I A	AA
11,00-12,00		PERFEC. I A		PERFEC. I A	TITORÍA/AA
12,00-13,00		PERFEC. II A		PERFEC. II A	TITORÍA
13,00-14,00		PERFEC. II A		PERFEC. II A	
16,00-17,00	INICIACIÓN A	PERFEC. I B	INICIACIÓN A	PERFEC. I B	
17,00-18,00	INICIACIÓN A	PERFEC. I B	INICIACIÓN A	PERFEC. I B	
18,00-19,00	INICIACIÓN B	PERFEC. II B	INICIACIÓN B	PERFEC. II B	
19,00-20,00	INICIACIÓN B	PERFEC. II B	INICIACIÓN B	PERFEC. II B	
20,00-21,00					

Profesorado:

DELMIRO BERNÁRDEZ OUTERELO

Asistencias técnicas (Debuxo, Historia da Arte e Volume e Modelado)

Adaptación do Plan de actividades 07-08 a PNC:

ALUMNOS EN NIVEL 07-08	PASAN A NIVEL 08-09
INICIACIÓN	PERFECCIONAMENTO I
PERFECCIONAMENTO I e II	PERFECCIONAMENTO II
Act. Libre	REMATAN

Especialidade: REPUXADO EN COIRO.

Nº alumnos máximo especialidade: 90

Nº alumnos máximo por grupo: 15

Total horas Especialidade: 432, en tres cursos

Total horas de Materias específicas: 324

Total horas Materias complementarias comúns: 108

Debuxo (36h), Historia da Arte (36h), Volume e Modelado (36h)

Convocaranse os seguintes niveis:

Iniciación (A e B): 4 horas/semana

Perfeccionamento I (A e B): 4 horas/semana

Perfeccionamento II (A e B): 4 horas/semana

Co seguinte horario:

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09,00-10,00					
10,00-11,00	PERFEC. I A	PERFEC. II A	PERFEC. I A	PERFEC. II A	AA
11,00-12,00	PERFEC. I A	PERFEC. II A	PERFEC. I A	PERFEC. II A	TITORÍA/AA
12,00-13,00					TITORÍA
13,00-14,00					
16,00-17,00	INICIACIÓN A	INICIACIÓN B	INICIACIÓN A	INICIACIÓN B	
17,00-18,00	INICIACIÓN A	INICIACIÓN B	INICIACIÓN A	INICIACIÓN B	
18,00-19,00	PERFEC. I B	PERFEC. II B	PERFEC. I B	PERFEC. II B	
19,00-20,00	PERFEC. I B	PERFEC. II B	PERFEC. I B	PERFEC. II B	
20,00-21,00					

Profesorado:

VIRGINIA GONZÁLEZ REMESAR

Asistencias técnicas (Debuxo, Historia da Arte e Volume e Modelado)

Adaptación do Plan de actividades 07-08 a PNC:

ALUMNOS EN NIVEL 07-08	PASAN A NIVEL 08-09
INICIACIÓN	PERFECCIONAMENTO I
PERFECCIONAMENTO I e II	PERFECCIONAMENTO II
PERFECCIONAMENTO III e Act.	REMATAN
Libre	

O alumnado saínte de Perfeccionamento III, poderá optar á actividade extracurricular “Aula aberta-proxectos” que se define no apartado 4 do PNC: “Normas Específicas”

Especialidade: ENCAIXE DE PALILLOS.

Nº alumnos máximo especialidade: 90

Nº alumnos máximo por grupo: 15

Total horas Especialidade: 432, en tres cursos

Total horas de Materias específicas: 324

Total horas Materias complementarias comúns: 108

Debuxo (36h), Historia da Arte (36h), Volume e Modelado (36h)

Convocaranse os seguintes niveis:

Iniciación (A e B): 4 horas/semana

Perfeccionamento I (A e B): 4 horas/semana

Perfeccionamento II (A e B): 4 horas/semana

Co seguinte horario:

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09,00-10,00					
10,00-11,00					AA
11,00-12,00	PERFEC. I A	PERFEC. II A	PERFEC. I A	PERFEC. II A	TITORÍA/AA
12,00-13,00	PERFEC. I A	PERFEC. II A	PERFEC. I A	PERFEC. II A	TITORÍA
13,00-14,00					
16,00-17,00	INICIACIÓN A	PERFEC. I B	INICIACIÓN A	PERFEC. I B	
17,00-18,00	INICIACIÓN A	PERFEC. I B	INICIACIÓN A	PERFEC. I B	
18,00-19,00	INICIACIÓN B	PERFEC. II B	INICIACIÓN B	PERFEC. II B	
19,00-20,00	INICIACIÓN B	PERFEC. II B	INICIACIÓN B	PERFEC. II B	
20,00-21,00					

Profesorado:

MARIÁN NÚÑEZ RODRÍGUEZ

Asistencias técnicas (Debuxo, Historia da Arte e Volume e Modelado)

Adaptación do Plan de actividades 07-08 a PNC:

ALUMNOS EN NIVEL 07-08	PASAN A NIVEL 08-09
INICIACIÓN	PERFECCIONAMENTO I
PERFECCIONAMENTO I e II	PERFECCIONAMENTO II
PERFECCIONAMENTO III e Act. Libre	REMATAN

O alumnado saínte de Perfeccionamento III, poderá optar á actividade extracurricular “Aula aberta-proxectos” que se define no apartado 4 do PNC: “Normas Específicas”.

4. PROGRAMACIÓN POR ESPECIALIDADES. EMAO curso 2008-2009

Especialidade: CERÁMICA

Obxectivos xerais

- ✓ A chegar a un alumnado heteroxéneo a linguaxe cerámica
- ✓ Formar profesionais cun amplo coñecemento técnico-artístico
- ✓ Fomentar e aconsellar ao alumnado sobre a montaxe dun obradoiro propio

Metodoloxía

- ✓ Clases teorico-prácticas
- ✓ Actividades complementarias

Programación

CURSO MONOGRÁFICO CUBERTAS E PROXECTOS

Obxectivos.

- ✓ Investigar as cubertas cerámicas
- ✓ Facer o plantexamento dun proxecto
- ✓ Desenvolver un proxecto persoal

Contidos formativos

Trimestre 1º

- ✓ Composición e análise dunha base 0 alcalina
- ✓ Axentes modificadores
- ✓ Axentes colorantes

Trimestre 2º

- ✓ Discusión dun proxecto
- ✓ Representación
- ✓ Maqueta

Trimestre 3º

- ✓ Realización do proxecto

CURSO PERFECCIONAMENTO I

Obxectivos

- ✓ Profundizar nos métodos de obtención de formas
- ✓ Profundizar nas cubertas cerámicas
- ✓ Coñecer os procesos de cocción

Contidos formativos

Trimestre 1º

- ✓ Cálculo do encollimento e coloración das arxilas
- ✓ Descomposición e evolución do volume contenedor
- ✓ O engobe vitrificado e os sobre/baixo cubertas
- ✓ Torno: a teteira

Trimestre 2º

- ✓ A cabeza e sistemas de vaciado
- ✓ Impresións e texturas
- ✓ O millefiore
- ✓ Torno: xarros e xarras

Trimestre 3º

- ✓ Tecnoloxía do calor
- ✓ O deseño e o volume utilitario
- ✓ Torno: formas pechadas
- ✓ O raku I

CURSO PERFECCIONAMENTO II

Obxectivos

- ✓ Introducción ao concepto
- ✓ A cerámica na arquitectura
- ✓ Prácticas con cubertas reductoras

Contidos formativos

Trimestre 1º

- ✓ O mural e o mobiliario cerámico
- ✓ Sistemas de anclaxe: interior/exterior
- ✓ A corda seca
- ✓ Torno: evolución de formas pechadas

Trimestre 2º

- ✓ O concepto; o cubo
- ✓ Os remakes
- ✓ Lustres e reflexos metálicos

- ✓ Torno: bowls e pratos grandes

Trimestre 3º

- ✓ A figura humana
- ✓ Volumes híbridos
- ✓ Torno: ensamblaxes
- ✓ O raku II

Especialidade: ENCADERNACIÓN

Obxectivos xerais

- ✓ Aproximar ao alumnado ao mundo do libro
- ✓ Coñecer e empregar as ferramentas de encadernación
- ✓ Distinguir as distintas fases e os distintos tipos de encadernación
- ✓ Favorecer a autonomía do alumnado e a orixinalidade

Metodoloxía

- ✓ Favorecemento da aprendizaxe significativa e da autoaprendizaxe
- ✓ Potenciación dunha formación crítica e creativa

Programación

CURSO MONOGRÁFICO RESTAURACIÓN

Obxectivos

- ✓ Adquirir criterios de restauración
- ✓ Limitar o campo de actuación na restauración do documento gráfico
- ✓ Adecuar o continente ao contido do libro. Proxecto de encadernación

Contidos formativos

Trimestre 1º

- ✓ Concepto de restauración. Criterios de conservación
- ✓ A mínima intervención como base para a restauración

Trimestre 2º

- ✓ Técnica de restauración das follas do libro
- ✓ Restauración de encadernacións en tela
- ✓ Restauración de encadernacións en pel

Trimestre 3º

- ✓ O proxecto de encadernación de arte
- ✓ Técnicas decorativas actuais

CURSO PERFECCIONAMENTO I

Obxectivos

- ✓ Coñecer estruturas complexas de encadernación
- ✓ Mellorar os acabados. Uso de vocabulario específico
- ✓ Iniciar o rotulado dos libros

Contidos formativos

Trimestre 1º

- ✓ O encartonado
- ✓ Os estoxos

Trimestre 2º

- ✓ O gravado
- ✓ O rotulado

Trimestre 3º

- ✓ As escartivanas
- ✓ A encadernación xaponesa
- ✓ A estrutura de piano

CURSO PERFECCIONAMENTO II

Obxectivos

- ✓ Coñecer a pel
- ✓ Aprender as técnicas de encadernación en pel
- ✓ Distinguir os ferros quentes empregados na decoración

Contidos formativos

Trimestre 1º

- ✓ A pel: curtidos, grans , clases
- ✓ O chifrado da pel

Trimestre 2º

- ✓ Os nervos naturais
- ✓ Os falsos nervos
- ✓ O bordado de cabezadas

Trimestre 3º

- ✓ O gofrado
- ✓ O dourado
- ✓ Os ferros quentes: filetes, paletas, rodas, floróns

Especialidade: CONSTRUCCIÓN ARTESANAL DE INSTRUMENTOS MUSICAIS: ZANFONA

Obxectivos xerais

- ✓ Formar artesáns profesionais na construción de instrumentos musicais

Metodoloxía

- ✓ Ensinanza práctica mediante a construción dun instrumento completo
- ✓ Teoría incluída en cada proceso

Programación

CONSTRUCCIÓN DE ZANFONAS I

Obxectivos.

- ✓ Familiarizar ao alumnado coas ferramentas de emprego manual
- ✓ Familiarizar ao alumnado co manexo de maquinaria
- ✓ Construír unha caixa armónica, clavixeiro, clavixas e roda

Contidos formativos

Trimestre 1º

- ✓ Actividades con distintos tipos de enlaces:
 - ✓ Enlace a media madeira
 - ✓ Enlace a media madeira en inglete
 - ✓ Enlace a cola de milano
 - ✓ Enlace a cola de milano oculta
 - ✓ Construción dun rompetestas
- ✓ Práctica de escofina
- ✓ Traballos de incrustacións e marquetería
- ✓ Práctica de talla
- ✓ Afiado da ferramenta de corte
- ✓ Práctica de torno
- ✓ Técnica de barnizado a muñeca
- ✓ Traballo escrito de investigación

Trimestre 2º

- ✓ Deseño do modelo de zanfona a construír
- ✓ Fabricación de plantillas
- ✓ Construción do molde
- ✓ Dobrado e axustado de aros
- ✓ Deseño e construción de travesaños. Colocación

Trimestre 3º

- ✓ Deseño e construción do clivixeiro. Colocación na caixa armónica
- ✓ Deseño e construción de clavixas.
- ✓ Construción da roda. Colocación.
- ✓ Deseño da caixa do teclado.
- ✓ Construción da tapa armónica. Colocación e axustes.
- ✓ Construción do fondo. Colocación.
- ✓ Traballo escrito de investigación

CONSTRUCCIÓN DE ZANFONAS II

Obxectivos

- ✓ Continuar co proceso de construción
- ✓ Rematar completamente o instrumento e encordar

Contidos formativos

Trimestre 1º

- ✓ Construción da caixa do teclado
- ✓ Deseño e construción do teclado

Trimestre 2º

- ✓ Deseño e construción do cordoeiro
- ✓ Deseño e construción dos gardapos
- ✓ Construción das pontes
- ✓ Construción das pezas de torno
- ✓ Deseño e construción do manubrio
- ✓ Traballo escrito de investigación

Trimestre 3º

- ✓ Embelecedores e retoques de barnizado
- ✓ Colocación de cordas e posta en marcha
- ✓ Fabricación de planos, plantillas, moldes e soportes
- ✓ Traballo escrito de investigación

Especialidade: CONSTRUCCIÓN ARTESANAL DE INSTRUMENTOS MUSICAIS: GAITA

Obxectivos xerais

- ✓ Formar artesáns profesionais na construción de instrumentos musicais
- ✓ Mellorar os instrumentos

Metodoloxía

- ✓ Ensinanza práctica no obradoiro
- ✓ Teoría incluída en cada proceso

Programación

CONSTRUCCIÓN DE GAITAS I

Obxectivos

- ✓ Coñecer os materiais e ferramentas.
- ✓ Saber construír palletas e pallóns
- ✓ Coñecer os procesos construtivos dunha gaita, agás o punteiro

Contidos formativos

Trimestre 1º

- ✓ Coñecementos básicos de talla e marquetería
- ✓ Construción de palletas e pallóns
- ✓ Cilindrado de madeira
- ✓ Afiado da ferramenta

Trimestre 2º

- ✓ Calibrado de pezas (furado)
- ✓ Preparación de anelas
- ✓ Axuste de anelas
- ✓ Vaciado de copas
- ✓ Iniciación ao torneado
- ✓ Afiado da ferramenta

Trimestre 3º

- ✓ Continuación do torneado
- ✓ Pulido
- ✓ Encorchado
- ✓ Construción de claves de ronquilla e chillón
- ✓ Acabado (encerado/pulido)
- ✓ Afiado da ferramenta
- ✓ Presentación de traballo persoal escrito sobre o curso

CONSTRUCCIÓN DE GAITAS II

Obxectivos

- ✓ Coñecer o proceso construtivo dun punteiro
- ✓ Montaxe da gaita, empalletado e afinación
- ✓ Coñecer o proceso construtivo da requinta e o pito

Contidos formativos

Trimestre 1º

- ✓ Montaxe da gaita
- ✓ Cilindrado do punteiro
- ✓ Calibrado do punteiro (furado e cónico interior)
- ✓ Anelado
- ✓ Torneado
- ✓ Furados melódicos
- ✓ Acabado
- ✓ Empalletado

Trimestre 2º

- ✓ Cilindrado de madeira para unha requinta
- ✓ Calibrado
- ✓ Anelado
- ✓ Torneado
- ✓ Pulido
- ✓ Encorchado
- ✓ Preparación e axuste da boquilla
- ✓ Construción e axuste das chaves
- ✓ Acabado

Trimestre 3º

- ✓ Cilindrado de madeira para un pito
- ✓ Calibrado
- ✓ Anelado
- ✓ Torneado
- ✓ Pulido
- ✓ Encorchado
- ✓ Furados melódicos
- ✓ Construción do bisel

- ✓ Axuste do pistón
- ✓ Acabado
- ✓ Traballo escrito de investigación

Especialidade: CONSTRUCCIÓN ARTESANAL DE INSTRUMENTOS MUSICAIS: LUTHERÍA ANTIGA

Obxectivos xerais

- ✓ Formar artesáns profesionais na construción de instrumentos musicais con técnicas que existiron dende o século XIV ao século XVIII.
- ✓ Investigar na mellora dos instrumentos
- ✓ Reconstruír instrumentos barrocos españois
- ✓ Publicar traballos e planos
- ✓ Cooperar co departamento de música antiga do conservatoria profesional

Metodoloxía

- ✓ Ensinanza práctica no obradoiro
- ✓ Cursos monográficos anuais impartidos por luthiers especialistas

Programación

LUTHERÍA I

Obxectivos

- ✓ Inculcar actitudes no traballo (calma, minuciosidade), elementais nun luthier
- ✓ Iniciar ao alumnado na procura da perfección, requirida para a elaboración das plantillas, e a delicadeza
- ✓ Dominar a técnica do afiado e do cepillado manual; os aros dos instrumentos non terán un grosor superior a 1,7 mm

Contidos formativos

Trimestre 1º

- ✓ Iniciación á técnica do afiado e asentado
- ✓ Práctica de ensambles, en escuadro, cola de milano
- ✓ Práctica de ensambles múltiples
- ✓ Iniciación a cepillado, calibrado e escuadrado
- ✓ Elaboración de rosetas
- ✓ Práctica de fileteado

Trimestre 2º

- ✓ Características das madeiras idóneas para un instrumento musical: proceso de selección, cortado e preparación

- ✓ Interpretación do plano
- ✓ Elaboración de deseños, plantillas e formas do instrumento
- ✓ Preparación da madeira para o mastro
- ✓ Deseño do mastro e voluta
- ✓ Furados para as clavixas
- ✓ Tallado do mastro, voluta e caixa de clavixas
- ✓ Torneado das clavixas

Trimestre 3º

- ✓ Construción do molde
- ✓ Elaboración e axuste dos tacos de testa, talón e esquinas
- ✓ Cepillado e calibrado dos aros
- ✓ Doblado dos aros
- ✓ Encolado dos aros nos tacos
- ✓ Elaboración e encolado dos contra aros
- ✓ Axuste e acabado dos contra aros
- ✓ Canteado e encolado das madeiras para elaborar o fondo

LUTHERÍA II

Obxectivos

- ✓ Aprender a dobrar as madeiras con calor
- ✓ Construír distintas tapas armónicas, elemento diferenciador das cualidades acústicas dun instrumento
- ✓ Elaborar e profundizar nas diferentes fórmulas de barnices empregados na luthería antiga. Montar e valorar as cualidades acústicas do instrumento

Contidos formativos

Trimestre 1º

- ✓ Canteado e calibrado do fondo
- ✓ Dobrado do fondo
- ✓ Elaboración e encolado do reforzo da alma
- ✓ Axuste final de aros e contra aros
- ✓ Acabado do fondo sobre os aros
- ✓ Fileteado do fondo
- ✓ Preparación e encolado das madeiras para a tapa armónica
- ✓ Contorneado da tapa armónica sobre os aros

Trimestre 2º

- ✓ Labrado da fronte da tapa armónica

- ✓ Vaciado interior e calibrado da tapa armónica
- ✓ Elaboración dos ouvidos
- ✓ Preparación da barra armónica
- ✓ Encolado da tapa, aros e fondo
- ✓ Fileteado da tapa armónica
- ✓ Elaboración do diapasón e cordal
- ✓ Fileteado decorativo no diapasón e no cordal

Trimestre 3º

- ✓ Axuste e encolado do mastro na caixa
- ✓ Encolado do diapasón no mastro
- ✓ Elaboración do cordoeiro e axuste do cordal
- ✓ Torneado das clavixas
- ✓ Axuste das clavixas no mastro
- ✓ Elaboración da ponte e axuste
- ✓ Elaboración dos barnices, goma laca, barniz de aceite e barniz ao alcohol
- ✓ Barnizado
- ✓ Encordado e afinado
- ✓ Estudo da sonoridade e xuízo sobre o instrumento realizado

Especialidade: PINTURA

Obxectivos xerais

- ✓ Concibir e interpretar proxectos desde diversas técnicas
- ✓ Desenvolver a percepción visual e conceptual
- ✓ Utilizar a información técnica e plástica facilitada
- ✓ Investigar nas formas, materiais e procesos da pintura

Metodoloxía

- ✓ teórico-práctica, mediante a realización de traballos con diversas técnicas
- ✓ Realización de fichas, visitas a museos e obradoiros

Programación

INICIACIÓN

Obxectivos

- ✓ Obter coñecementos sobre a ubicación dos elementos no espazo
- ✓ Coñecer a teoría e psicoloxía da cor
- ✓ Coñecer a técnica do pastel e a acuarela

Contidos formativos

Trimestre 1º

- ✓ A forma. Ponto e liña
- ✓ Técnicas de debuxo e a súa relación coa cor
- ✓ Composición I. A perspectiva

Trimestre 2º

- ✓ Técnica do pastel. O pastel como boceto e como obra rematada
- ✓ Uso creativo da cor

Trimestre 3º

- ✓ O soporte: tipos. Imprimación e montaxe de soportes
- ✓ Os pigmentos e os seus aglutinantes

PERFECCIONAMENTO I

Obxectivos

- ✓ Obter coñecementos sobre a correcta utilización de luces e sombras
- ✓ Coñecer a técnica do acrílico e técnicas mixtas
- ✓ Cor e psicoloxía; coñecer a importancia do adecuado uso da cor, conxugada cos coñecementos compositivos

Contidos formativos

Trimestre 1º

- ✓ Composición II. A gestalt
- ✓ A luz. A sombra. Importancia do uso das luces e sombras para xerar volume e situar os obxectos e figuras no espazo.

Trimestre 2º

- ✓ Importancia do trazo no uso da cor: tinta china, sanguina e lápiz
- ✓ A acuarela. Emprego de distintos procedementos

Trimestre 3º

- ✓ Técnicas mixtas e non tradicionais e coñecemento de técnicas antigas (temple, encáustica)
- ✓ A cor e a expresividade. Relación entre pintura e psicoloxía
- ✓ Pintura sobre madeira: Policromía e tinxido

PERFECCIONAMENTO II

Obxectivos

- ✓ Experimentar con distintos soportes e superficies
- ✓ Empregar o óleo e distintas técnicas extrapictóricas
- ✓ Coñecer o collage e novos esquemas compositivos

Contidos formativos

Trimestre 1º

- ✓ A textura e a cor. Forma abstracta e realista
- ✓ Técnica de óleo. Uso da perspectiva aérea

Trimestre 2º

- ✓ Técnicas pictóricas: siliconas, AC aluminio
- ✓ Experimentación con materiais extrapictóricos. Textura táctil e visual

Trimestre 3º

- ✓ O collage. Interacción con outros medios de expresión como a fotografía
- ✓ A composición. Rupturas no século XX.

Especialidade: DEBUXO

Obxectivos xerais

- ✓ Ofrecer ao alumnado unha formación artística no eido da educación de adultos
- ✓ Ensinar os procedementos e técnicas dibuxísticas, así como os métodos de interpretación gráfico-artísticos
- ✓ Incentivar o desenvolvemento das identidades intra e interpersonal

Metodoloxía

- ✓ Contínua, activa, teórico-práctica
- ✓ As sesións de ensinanza-aprendizaxe serán prácticas na súa maioría, cunha atención individualizada atendendo á diversidade do alumnado

Programación

INICIACIÓN

Obxectivos

- ✓ Iniciarse nos coñecementos e habilidades técnico-gráficas
- ✓ Percibir o debuxo como método de coñecemento e interpretación da realidade

Contidos formativos

Trimestre 1º

- ✓ ¿Que é o debuxo? Diversas conceptualización ao longo da historia
- ✓ O lápis de grafito. Posibilidades e técnicas de creación
- ✓ A luz. Conceptos e procedementos

Trimestre 2º

- ✓ O método de claroescuro con lápis de grafito
- ✓ Método de encaixado e proporción aplicado ao debuxo do natural

Trimestre 3º

- ✓ A arte conceptual a través de Beth Moysés e Chema Madoz
- ✓ xercitación práctica de debuxo ao natural

PERFECCIONAMENTO I

Obxectivos

- ✓ Perfeccionar e ampliar coñecementos debuxísticos
- ✓ Iniciarse no coñecemento e experimentación da cor
- ✓ Coñecer os procesos básicos da perspectiva

Contidos formativos

Trimestre 1º

- ✓ Exercitación práctica do debuxo ao natural e debuxo sintético
- ✓ A cor. Mesturas e principios básicos compositivos

Trimestre 2º

- ✓ O pastel. Posibilidades técnicas e recursos cromáticos

Trimestre 3º

- ✓ A perspectiva paralela e oblicua aplicada ao debuxo artístico

PERFECCIONAMENTO II

Obxectivos

- ✓ Coñecer as posibilidades expresivas e interpretativas da cor
- ✓ Afondar no coñecemento compositivo e os principios básicos
- ✓ Estudar e representar o rostro humano e a súa complexidade estrutural e expresiva

Contidos formativos

Trimestre 1º

- ✓ A composición visual. Principios e leis da Gestalt

Trimestre 2º

- ✓ O pastel e a tinta. Posibilidades técnicas e recursos cromáticos

Trimestre 3º

- ✓ O rostro humano
- ✓ Análise estrutural e expresiva
- ✓ O retrato ao longo da historia da arte
- ✓ A caricatura

Especialidade: ESCULTURA E TALLA, EN MADEIRA

Obxectivos xerais

- ✓ Coñecer e manexar o material e os instrumentos de traballo desta actividade
- ✓ Desenvolver a capacidade de ver e comprender a forma tridimensional
- ✓ Potenciar actitudes creativas nas distintas fases dos procesos intelectuais e/ou emocionais: ideativa, metodolóxica e de realización

Metodoloxía

- ✓ Método de traballo tanto conceptual como experimental. A cada lección correspóndelle unha serie de exercicios prácticos cuns obxectivos moi específicos
- ✓ As sesións de ensinanza-aprendizaxe serán prácticas na súa maioría, cunha atención individualizada atendendo á diversidade do alumnado

Programación

INICIACIÓN

Obxectivos

- ✓ Coñecer e manexar o material e os instrumentos de traballo
- ✓ Estimular un enfrentamento directo coa materia, enfocado no modo sustractivo
- ✓ Tomar contacto con outras formas de expresión artística
- ✓ Manter unha actitude aberta e creativa

Contidos formativos

Trimestre 1º

- ✓ O obradoiro de escultura; máis alá da bidimensionalidade.
- ✓ O relevo, paso intermedio entre a bi e a tridimensionalidade
- ✓ O volume: métodos aditivo e sustractivo

Trimestre 2º

- ✓ Introducción ao arte gráfico como sistema de reprodución: a xilografía
- ✓ Os procedementos, a técnica e o material como signifiante: a talla. O relevo na madeira

Trimestre 3º

- ✓ O proceso creativo: a materialización da idea

PERFECCIONAMENTO I

Obxectivos

- ✓ Desenvolver a capacidade de ver e comprender a forma tridimensional
- ✓ Familiarizar ao alumnado nas destrezas manuais no dominio de materiais e ferramentas
- ✓ Introducir ao alumnado na escultura do século XX
- ✓ Potenciar actitudes creativas

Contidos formativos

Trimestre 1º

- ✓ O volume: recoñecemento de volumes no contorno

Trimestre 2º

- ✓ O proceso escultórico (1). O proceso aditivo
- ✓ A idea, o boceto, a maqueta (modelado en material aditivo), proxección xeométrica, ...

Trimestre 3º

- ✓ O proceso escultórico (2). O proceso sustractivo
- ✓ Coñecemento e utilización de ferramentas de talla
- ✓ Comprensión das particularidades do proceso
- ✓ Coñecemento das fases do proceso: cubicado, trazado, desbastado, tallado e acabado da forma

PERFECCIONAMENTO II

Obxectivos

- ✓ Capacitar para o desenvolvemento dun proceso escultórico
- ✓ Entender a escultura como unha relación da forma e o espazo
- ✓ Manter unha actitude aberta e creativa

Contidos formativos

Trimestre 1º

- ✓ Análise e encaixado da figura humana
- ✓ O retrato: estudio da fisionomía

Trimestre 2º

- ✓ A escultura do século XX: figuración e abstracción
- ✓ Escultura e espazo público
- ✓ Realización dunha escultura para un contorno urbano: elección do lugar, documentación, bocetos, maqueta, montaxe fotográfico, ...

Trimestre 3º

- ✓ A forma e a instalación

Especialidade: MODA E CONFECCIÓN

Obxectivos xerais

- ✓ Achegar ao alumnado á materia do curso
- ✓ Profundizar no coñecemento en materia téxtil
- ✓ Conquerir capacitación para o desempeño profesional

Metodoloxía

- ✓ Teórico-práctica

Programación

INICIACIÓN

Obxectivos

- ✓ Formación básica en patronaxe
- ✓ Formación básica en costura a man
- ✓ Formación básica en costura a máquina

Contidos formativos

Trimestre 1º

PATRONAXE

- ✓ materiais necesarios
- ✓ Toma de medidas
- ✓ Elaboración de Patróns Base

COSTURA A MAN

- ✓ Hilván: distintos tipos
- ✓ Ganduxado simple
- ✓ Ganduxado cruzado
- ✓ Puntada bastilla
- ✓ Oxal de fío

COSTURA A MÁQUINA

- ✓ Enfiado máquinas
- ✓ Colocación agullas
- ✓ Devanado do fío inferior da canilla
- ✓ Colocación da canilla na cápsula e enfiado do fío inferior
- ✓ Tensión do fío superior e inferior
- ✓ Táboa de agullas e fíos
- ✓ Cosido para adiante e para atrás
- ✓ Reglaxe de puntada

- ✓ Prácticas en papel (en plantillas con control de tempos)

Trimestre 2º

PATRONAXE

- ✓ Elaboración de 34 patróns derivados do Patrón Base de Falda (falda envolvente, falda con pliegues, falda con godés, etc)

COSTURA A MAN

- ✓ Oxal de tela
- ✓ Picado
- ✓ Fruncido
- ✓ Encarado
- ✓ Embolsillado (distintos tipos)

COSTURA A MÁQUINA

- ✓ Limpeza da máquina
- ✓ Aceitaxe
- ✓ Regulación da presión do prensatelas
- ✓ Cosido en zig-zag

Trimestre 3º

PATRONAXE

- ✓ Elaboración de 30 patróns derivados do Patrón Base de Busto (costadillo francés, blusa camisera, blusa cruzada, etc)

COSTURA A MAN

- ✓ Puntos de adorno: punto de guirnalda, de incruste, de cadeneta, ...

COSTURA A MÁQUINA

- ✓ Reglaxe de anchura do pespunte
- ✓ Cosido con dúas agullas
- ✓ Enfiado dos dous fíos superiores
- ✓ Cambio de pezas auxiliares

PERFECCIONAMENTO I

Obxectivos

- ✓ Ampliación coñecementos en patronaxe, costura a man e costura a máquina

Contidos formativos

Trimestre 1º

PATRONAXE

- ✓ Elaboración Patrón Base Mangas
- ✓ Derivados do Patrón Base Mangas (mangas xastre, manga farol, manga drapeada, etc)

COSTURA A MAN

- ✓ Estudio de marcadas
- ✓ Aplicación de patróns sobre a tela
- ✓ Marcadas con puntos frouxos
- ✓ Montaxe do Modelo

COSTURA A MÁQUINA

- ✓ Prácticas en tela: respuntes en tela ao biés; cosido de pinzas, confección de costura corrente SSa-1; confección de costura francesa Sse-2; confección de bastilla Efa-1; confección de costura sobrecargada Lsc-2; confección de dobladillo Efb-1; confección de dobladillo sobre dous tecidos SSp-1

Trimestre 2º

PATRONAXE

- ✓ Elaboración Patrón Base Cuellos
- ✓ Derivados do Patrón Base Mangas (cuello smokin, cuello xastre, cuello camisero, etc)

COSTURA A MAN

- ✓ Proba do Modelo
- ✓ Encarado
- ✓ Rectificado do Modelo
- ✓ Cosido do Modelo
- ✓ Entretelado
- ✓ Ganduxado

COSTURA A MÁQUINA

- ✓ Prácticas en máquina Remalladora: remallado en telas tipo sarga; remallado en telas de punto; remallado con cosido)
- ✓ Prácticas en máquina Recubridora
- ✓ Prácticas en máquina de Repulgo: repulgo fino en telas de seda, gasa, organza, etc; repulgo ancho para telas de sarga, algodón, lan, etc; repulgo en telas ao fío; repulgo en telas ao biés)

Trimestre 3º

PATRONAXE

- ✓ Elaboración Escotes en Patrón Base (escote barco, escote peto, escote palabra de honor, etc)

COSTURA A MAN

- ✓ Xastrería

COSTURA A MÁQUINA

- ✓ Prácticas en máquinas de Oxais: oxais de camisería; oxais de xastrería
- ✓ Prácticas en máquina de costura invisible

PERFECCIONAMENTO II

Obxectivos

- ✓ Perfeccionar as capacidades en patronaxe, costura a man e costura a máquina

Contidos formativos

Trimestre 1º

PATRONAXE

- ✓ Elaboración Patrón Base Pantalón
- ✓ Derivados do Patrón Base Pantalón (con pinzas, vaqueiro, pitillo, etc)

COSTURA A MAN

- ✓ Confección de canastilla, que comprende: jesusín, vestidos, gorros e faldón

COSTURA A MÁQUINA

- ✓ Prácticas de manexo e funcionamento das diversas máquinas

Trimestre 2º

PATRONAXE

- ✓ Elaboración Patrón Base Vestido
- ✓ Derivados do Patrón Base Vestido (vestido longo corte sirena con drapeado en escote; vestido cóctel con costadillo francés e escote palabra de honor; vestido de tirantes sin espalda. etc)

COSTURA A MAN

- ✓ Cambiador
- ✓ Arrullo
- ✓ Xogos de berce
- ✓ Zapatos

COSTURA A MÁQUINA

- ✓ Prácticas dos distintos tipos de costura en tela

Trimestre 3º

PATRONAXE

- ✓ Xastrería

COSTURA A MAN

- ✓ A operación de planchar
- ✓ Factores que interveñen no planchado
- ✓ Efectos que produce o planchado
- ✓ Embebidos
- ✓ Prestado de tecidos
- ✓ Planchado de pinzas
- ✓ Planchado en tecido ao biés

COSTURA A MÁQUINA

- ✓ Realización de prácticas de remate das prendas

Especialidade: OURIVERÍA

Obxectivos xerais

- ✓ Fomentar as diferentes técnicas da ourivería, nas súas diferentes especialidades
- ✓ Familiarizar ao alumnado na técnica e arte de traballar os metais con rigor e claridade
- ✓ Facilitar a visión dun oficio desde diversas perspectivas, non só as relacionadas co traballo e os seus resultados

Metodoloxía

- ✓ Utilización do debuxo ornamental, pintura e modelado
- ✓ Técnicas diversas, tanto básicas como afíns á ourivería

Programación

INICIACIÓN

Obxectivos

- ✓ Formación e proxección técnica
- ✓ Manexo de materiais
- ✓ Debuxo

Contidos formativos

Trimestre 1º

- ✓ Debuxo ornamental
- ✓ Coñecemento de materiais
- ✓ Coñecemento de modelado

Trimestre 2º

- ✓ Iniciación: técnicas, ferramentas e utensilios
- ✓ Debuxo e color
- ✓ Modelado

Trimestre 3º

- ✓ Soldaduras
- ✓ Debuxo
- ✓ Deseño

PERFECCIONAMENTO I

Obxectivos

- ✓ Técnicas de pratería
- ✓ Diferentes traballos con soldadura
- ✓ Debuxo e modelado

Contidos formativos

Trimestre 1º

- ✓ Cincelado
- ✓ Composición
- ✓ Debuxo e modelado

Trimestre 2º

- ✓ Debuxo
- ✓ Modelado
- ✓ Soldadura

Trimestre 3º

- ✓ Debuxo e deseño
- ✓ Modelado
- ✓ Cincelado

PERFECCIONAMENTO II

Obxectivos

- ✓ Ornamentación
- ✓ Composición
- ✓ Deseño

Contidos formativos

Trimestre 1º

- ✓ Cincelado
- ✓ Soldadura
- ✓ Deseño

Trimestre 2º

- ✓ Debuxo
- ✓ Esmalte transparente
- ✓ Esmalte opaco

Trimestre 3º

- ✓ Esmalte xoiaría
- ✓ Cincelado
- ✓ Deseño e acuarela

Especialidade: ARTES GRÁFICAS

Obxectivos xerais

- ✓ Ensinar o manexo do ordenador, de cara a deseñar graficamente
- ✓ Conseguir imprimir en offset: impresión, montaxe, deseño, manipulado e encadernación industrial
- ✓ Ensinar os métodos de serigrafía, tanto industrial como artística

Metodoloxía

- ✓ Alternancia de formación teórica e práctica
- ✓ Realización de traballos predeterminados

Programación

INICIACIÓN

Obxectivos

- ✓ Primeiros contactos co eido das artes gráficas. Aplicación Freehand – Macromedia

Contidos formativos

Trimestre 1º

- ✓ Historia das artes gráficas: a imprenta, a fotografía e o deseño gráfico
- ✓ Impresión: offset, litografía, serigrafía, papel e pantalla

Trimestre 2º

- ✓ Deseño gráfico, manexo de ordenadores e serigrafía

Trimestre 3º

- ✓ Tintas e tintes
- ✓ Impresión de tecidos
- ✓ Reprodución tramada

PERFECCIONAMENTO I

Obxectivos

- ✓ Desenvolvemento de traballos serigráficos e inicio ao offset
- ✓ Aplicación Photoshop – Macromedia

Contidos formativos

Trimestre 1º

- ✓ Autoedición
- ✓ Sistema operativo
- ✓ Offset
- ✓ Planchas

Trimestre 2º

- ✓ Primeiras impresións

Trimestre 3º

- ✓ Papel, plásticos, texturas
- ✓ Elección dos tecidos
- ✓ Marcos
- ✓ Preparación da pantalla

PERFECCIONAMENTO II

Obxectivos

- ✓ Creación e deseño de traballos serigráficos con impresións cuatricromáticas
- ✓ Programa informático Quark Xpress

Contidos formativos

Trimestre 1º

- ✓ Diseñador gráfico: proxecto, composición, compaxinación
- ✓ Rotativas: cilindros, caucho, presión, dispositivo entintador

Trimestre 2º

- ✓ Creacións diversase impresións propias

Trimestre 3º

- ✓ O marcado
- ✓ Dispositivo mollador
- ✓ Secado
- ✓ Aditivos
- ✓ Incidentes durante a impresión
- ✓ Encadernación industrial
- ✓ Serigrafía artística

Especialidade: REPUXADO EN COIRO

Obxectivos xerais

- ✓ Proporcionar ao alumnado a aprendizaxe necesaria para que poida adquirir os coñecementos básicos sobre o coiro.
- ✓ Introducir ao alumnado o coñecemento constitutivo das etapas a seguir para realizar calquera traballo sobre repuxado.
- ✓ Coñecer as tecnoloxías tradicionais e actuais a fin de adaptarse constantemente aos novos procedementos.
- ✓ Realizar individualmente as pezas elixidas atendendo aos deseños e utilizando axeitadamente técnicas propias

Metodoloxía

- ✓ Aprendizaxe continua, progresiva, activa e participativa
- ✓ Flexible, adaptándose ás características do alumnado

Programación

INICIACIÓN

Obxectivos

- ✓ Adquirir o vocabulario básico de útiles e ferramentas
- ✓ Coñecer os tipos de coiro e as aplicacións
- ✓ Iniciar ao alumnado na técnica de confección de pezas

Contidos formativos

Trimestre 1º

- ✓ Tipos de ferramentas
- ✓ Tipos de coiro
- ✓ Materiais necesarios para repuxar
- ✓ Modo de repuxar

Trimestre 2º

- ✓ Confección de plantillas
- ✓ Marcado, escuadrado de pezas
- ✓ Montaxe do traballo

Trimestre 3º

- ✓ Tipos de colas
- ✓ Cosido simple
- ✓ Barniz

PERFECCIONAMENTO I

Obxectivos

- ✓ Perfeccionar as técnicas e destrezas no manexo dos materiais
- ✓ Seleccionar o material axeitado para cada proxecto
- ✓ Elaborar un mostrario de cosidos e trezadas

Contidos formativos

Trimestre 1º

- ✓ Útiles necesarios
- ✓ Tipos de cosidos
- ✓ Plantillas
- ✓ Deseño de debuxos

Trimestre 2º

- ✓ Marcado de pezas
- ✓ Cortado e rebaxado do coiro
- ✓ Utilización de remaches
- ✓ Colocación de peches e fivelas

Trimestre 3º

- ✓ Utilización de anilinas
- ✓ Tipos de trezados
- ✓ Nutrición e barnizado

PERFECCIONAMENTO II

Obxectivos

- ✓ Mellorar e ampliar o coñecemento sobre a técnica do repuxado
- ✓ Utilizar correctamente as ferramentas para o manexo do coiro
- ✓ Ser quen de montar e confeccionar pezas sen axuda

Contidos formativos

Trimestre 1º

- ✓ Marcado e cortado de forros
- ✓ Desglose dos deseños por pezas no plano
- ✓ Elaboración de patróns

Trimestre 2º

- ✓ Remate de pezas
- ✓ Diversidade de tinturas
- ✓ Tinxido e policromado

Trimestre 3º

- ✓ Repuxado artístico
- ✓ Ribeteado artístico
- ✓ Aplicación dos diferentes barnices

Especialidade: ENCAIXE DE PALILLOS

Obxectivos xerais

- ✓ Desenvolver a sensibilidade artística do alumnado
- ✓ Estimular ao alumnado para a comprensión e valoración da tradición encaixeira
- ✓ Conseguir que o alumnado obteña uns coñecementos xerais, tanto teóricos como prácticos, que os adentre no mundo do encaixe de palillos dunha forma dinámica

Metodoloxía

- ✓ Formación teórica-práctica: lección maxistral e exercicios prácticos (deseño e realización de obra)
- ✓ Titorías e monográficos
- ✓ Colaboración con outras especialidades para traballos en común

Programación

INICIACIÓN

Obxectivos

- ✓ Introducir ao alumnado na práctica e teoría do encaixe de palillos
- ✓ Comprender os novos elementos de aprendizaxe tanto teóricos como prácticos
- ✓ Realizar e comprender o proceso creativo

Contidos formativos

Trimestre 1º

TEÓRICOS

- ✓ Introducción á historia do encaixe de palillos (do Renacemento ao Clasicismo)
- ✓ Introducción á terminoloxía específica do encaixe de palillos tradicional, coas nomenclaturas das distintas zonas

PRÁCTICOS

- ✓ Introducción ao deseño específico do encaixe de palillos
- ✓ Introducción ao debuxo xeométrico, para a realización e mellor comprensión do traballo

Trimestre 2º

TEÓRICOS

- ✓ Introducción ao sistema métrico das fiaturas coas que se vai traballar (fibras naturais vexetais -algodón-)

PRÁCTICOS

- ✓ Deseño e realización dos puntos básicos: punto de tecido (par enteiro), medio punto (medio par), cordón ou trenza, volteos ou torsións, milanos ou biriles

Trimestre 3º

TEÓRICOS

- ✓ Coñecemento dos distintos tipos de “almohadillas” de traballo en todas as partes do mundo

PRÁCTICOS

- ✓ Introducción ás partes básicas dunha puntilla (teórico-práctica): ondas e tipos, ornamentación, pe e tipos, deseño e aplicacións prácticas do estudiado

PERFECCIONAMENTO I

Obxectivos

- ✓ Desenvolver os elementos aprendidos tanto teóricos como prácticos
- ✓ Deseñar e realizar elementos de traballo
- ✓ Continuar coa comprensión do proceso creativo

Contidos formativos

Trimestre 1º

TEÓRICOS

- ✓ Historia do encaixe de palillos
- ✓ Introducción á linguaxe visual
- ✓ Historia do encaixe galego: do Camiño de Santiago á actualidade
- ✓ O proceso das fiaturas (fibras sintéticas)

PRÁCTICOS

- ✓ Deseño específico do encaixe de palillos
- ✓ Introducción ás esquñas en traballos liñais (deseño e realización)

Trimestre 2º

TEÓRICOS

- ✓ Historia do encaixe galego: o Camiño de Santiago, influencias (1ª parte)

PRÁCTICOS

- ✓ Deseño e realización de aplicacións con formas xeométricas: rombos, cadrados, óvalos, ...
- ✓ Retirada e introdución de pares de palillos, en encaixes específicos

Trimestre 3º

TEÓRICOS

- ✓ Historia e proceso das fiaturas

PRÁCTICOS

- ✓ Deseño e realización de diferentes puntos: arañas (tipos), punto da virxe (tipos), punto de filigrana (básico)

- ✓ Introducción aos distintos tipos de anudado
- ✓ Deseño e realización de cruces simples
- ✓ Estudio práctico das partes dun encaixe
- ✓ Deseño e realización de distintos puntos de fondo: punto de espírito, punto de espírito en óvalo, punto de espírito rectangular, punto de espírito triangular, punto de espírito en coroa

PERFECCIONAMENTO II

Obxectivos

- ✓ Comprender completamente o significado dunha obra-traballo en encaixe de palillos, dende o momento do seu deseño ao da súa realización
- ✓ Diferenciar o traballo tradicional do contemporáneo
- ✓ Desenvolver traballos tradiconais coas técnicas contemporáneas

Contidos formativos

Trimestre 1º

TEÓRICOS

- ✓ Partes xerais dun encaixe e definicións: textura, técnica e ornamentación

PRÁCTICOS

- ✓ Punto de espírito en relieve
- ✓ Bodoques: tipos
- ✓ Punto de tul e variantes
- ✓ Diferentes sedóns: simple, dobre e complexo
- ✓ Deseño e realización de diferentes cruces (de 3 a 5 pares de palillos)
- ✓ Deseño e realización, aplicando o estudiado
- ✓ Estudio práctico das partes dun encaixe
- ✓ Deseño e realización de distintos puntos de fondo: punto de antena a as súas variantes

Trimestre 2º

TEÓRICOS

- ✓ Elementos conceptuais do deseño: punto, liña, plano, volume

PRÁCTICOS

- ✓ Punto de Venecia e as súas variantes
- ✓ Fondo filloche
- ✓ Fondo de fío dobre
- ✓ Punto margarida e as súas variantes

Trimestre 3º

TEÓRICOS

- ✓ Elementos visuais: forma, medida, cor, textura

- ✓ Historia do encaixe de palillos: as vangardas

PRÁCTICOS

- ✓ Punto Valenciennes e as súas variantes
- ✓ Fondo drochel
- ✓ Punto pagoda
- ✓ Deseño e realización de diferentes cruces (de 6 a 10 pares de palillos)
- ✓ Deseño e realización, aplicando o estudiado

4. NORMAS ESPECÍFICAS DE APLICACIÓN

A. Preinscripción e matrícula

A1. Solicitantes de novo ingreso

1. Preinscripción

1. Tódalas persoas que desexen iniciar os estudos en calquera das especialidades ofertadas no Plan de Normalización Curricular-Curso 2008/2009 -aprobado pola Xunta Rectora do Organismo Autónomo Escola Municipal de Artes e Oficios de data 14/07/2008- (en adiante PNC08) deberán realizar a súa preinscripción, conforme ao modelo oficial de solicitude que será subministrado na Administración da EMAO (en adiante a Administración) e que tamén se poderá descargar e/ou cubrir e imprimir dende a páxina web www.vigo.org, apartado Educación-Escola Municipal de Artes e Oficios (en adiante, web-EMAO).
2. O impreso de solicitude, debidamente cuberto e por duplicado (exemplar para a Administración e exemplar para o/a interesado/a) deberá entregarse, acompañado da fotocopia do DNI ou pasaporte, na Administración no horario e días que se establecen nestas normas.
3. O listado de solicitantes exporase, conforme ao disposto no apartado correspondente destas normas, no taboleiro oficial de anuncios da EMAO (en adiante o Taboleiro) e na web-EMAO. Darase un prazo de dous días, para presentar reclamacións ao listado.
4. Rematado ese prazo, con aquelas solicitudes válidas, realizarase un sorteo conforme ao procedemento que se establece nas presentes normas.
5. Exporase de seguido, no Taboleiro e na web-EMAO, conforme ao calendario que figura nestas normas, a relación definitiva de admitidos, clasificados por especialidades e cursos.

6. Conforme ao disposto no PNC08, no curso 2008-2009 non se convocarán prazas de novo ingreso (Iniciación) nas especialidades de Cerámica e Encadernación Artística.
7. Conforme ao disposto no PNC08, para as especialidades de Construcción Artesanal de Instrumentos Musicais (en adiante CAIM), só se convocarán cursos de iniciación no caso de que existan vacantes ao finalizar o proceso de matriculación de alumnado que a efectos destas normas se denomina pre-matriculado.

2. Matrícula

1. Os solicitantes finalmente seleccionados, deberán formalizar a súa matrícula, mediante a presentación na Administración, no prazo indicado nestas Normas, do impreso oficial que se poderá recoller na Administración ou descargado dende a web-EMAO.
2. A non formalización da matrícula en prazo, significará a inmediata baixa, e consecuentemente, a praza será ofrecida ao/s solicitante/s que corresponda na lista de reserva derivada da aplicación dos resultados do sorteo, cuxa regulación se recolle nestas Normas.

A.2. Alumnos/as pre-matriculados

1. Aos efectos destas Normas, considéranse alumnos/as pre-matriculados/as a aqueles/as que, matriculados nos cursos de Iniciación, Perfeccionamento I e Perfeccionamento II de calquera especialidade no plan de actividades do curso 2007-2008, figuren como aptos/as no Informe Mensual final (xuño de 2008) do profesor correspondente.
2. Ningún outro alumno-alumna que non figure nas listas de pre-matriculados, poderá cursar estudos na mesma especialidade, con independencia do disposto nas presentes Normas verbo da preinscripción noutras.
3. A estes efectos, nas datas indicadas no apartado correspondente destas Normas, expóranse no Taboleiro e na web-EMAO, as listas de pre-matriculados por especialidade e curso. Contra estas listas poderá presentarse polos interesados, reclamación no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, no prazo que se recolle nas presentes Normas.
4. O alumnado pre-matriculado, deberá obrigatoriamente formalizar a súa matrícula no curso 2008-2009 na especialidade e nivel asignado de acordo co previsto no PNC, entregando na Administración, no prazo que se indica nestas Normas, o impreso oficial que será subministrado na Administración da EMAO e que tamén se poderá descargar e/ou cubrir e imprimir dende a web-EMAO acompañado da fotocopia do seu DNI ou pasaporte.
5. Nas especialidades de ensino non regrado non é posible, en ningún caso, a repetición de curso por parte do alumno/a. En consecuencia, non se admitirá a matrícula no mesmo nivel que o cursado dentro do Plan de Actividades do ano 2007-2008.

6. Os alumnos/as pre-matriculados que non formalicen a súa matrícula na forma e no prazo establecido, serán dados de baixa de oficio.

A.3. Especialidades de Construcción Artesanal Instrumentos Musicais (CAIM)

1. Para as especialidades CAIM (Zanfona, Gaita e Luthería antiga) será de aplicación, a efectos da convocatoria de prazas de novo ingreso, o disposto no apartado 5 da Memoria do PNC e rexerá un calendario de prazos específico que se recolle nestas normas.

B. Prazos

B.1. Xeral

- 17 de xullo-2 de setembro:** exposición das listas de pre-matriculados
18 de xullo-2 de setembro: presentación de reclamacións ás listas de pre-matriculados
3-5 de setembro: exposición definitiva das listas de pre-matriculados
8-16 de setembro
- Preinscrición alumnado de novo ingreso
 - Matrícula pre-matriculados
- 19 de setembro:** Exposición do listado de alumnos novos que fixeron a preinscrición.
22-23 de setembro: reclamacións ao listado de preinscrición de alumnos novos.
24 de setembro: sorteo das preinscricións de alumnado de novo ingreso.
26 de setembro: exposición listas de admitidos segundo o sorteo.
26-30 de setembro: Matrícula alumnado de novo ingreso.
1 de outubro:
- x Exposición das listas definitivas.
 - x Comezo do Curso

B.2. Especialidades CAIM

- 17 de xullo-2 de setembro:** exposición das listas de pre-matriculados
18 de xullo-2 de setembro: presentación de reclamacións ás listas de pre-matriculados
3-5 de setembro: exposición definitiva das listas de pre-matriculados
8-16 de setembro: Matrícula pre-matriculados
17-26 de setembro: Preinscrición, se é o caso, alumnado novo ingreso
29 de setembro: sorteo das preinscricións
30 de setembro: exposición listas de admitidos segundo o sorteo.
30 de setembro-1 de outubro: reclamacións ao listado de preinscrición
1 de outubro: inicio curso alumnado procedente do curso 2007-2008
2 de outubro:

- x Exposición listados definitivos alumnado de novo ingreso
- x Inicio, se é o caso, do curso para alumnado de novo ingreso

C. HORARIOS DE ADMINISTRACIÓN E INFORMACIÓN

Lugar: Edificio principal da EMAO, rúa García Barbón, 5

Horario: de 10 h. a 14 h., laborables de luns a venres.

Información:

- ✓ Web-EMAO: <http://hoxe.vigo.org/movemonos/educacion7>
- ✓ Correo electrónico: emao@vigo.org
- ✓ Tfno.: 986228088

D. SORTEO (ALUMNADO DE NOVO INGRESO)

1. No suposto de que o número de solicitantes sexa superior ao número de prazas vacantes, farase un sorteo público que rexerá conforme ao seguinte:
2. Terá carácter público e será presidido por unha mesa composta por:
 - x Director da EMAO ou persoa na que delegue
 - x Secretario do Organismo Autónomo EMAO, ou persoa na que delegue
 - x Un funcionario adscrito á Unidade Administrativa da EMAO, nomeado polo Director.
3. Procederáse a sacar do bombo dúas bólas. Cada unha das bólas corresponderá a unha letra. A orde das bólas extraídas determinará as dúas primeiras letras do apelido co que se iniciará da lista de admitidos. Farase un sorteo por cada unha das especialidades.
4. O Secretario levantará acta do resultado do sorteo, que será exposta no Taboleiro e na web-EMAO
5. Os listados do sorteo serán, a tódolos efectos, considerados, pola orde resultante, como listas de reserva para o caso de que, ao longo dos dous primeiros meses do curso, se producisen baixas no alumnado matriculado.

E. REQUISITOS DAS SOLICITUDES E SOLICITANTES

1. Só se poderá presentar un impreso de solicitude por persoa.
2. Poderá solicitarse a preinscrición como máximo en tres especialidades das ofertadas. Esta posibilidade figurará no apartado correspondente do impreso único de preinscrición, no que figurará a orde de preferencia. De resultar seleccionado/a en máis dunha especialidade, ben como resultado do sorteo, ben como consecuencia da existencia dun maior número de prazas que de solicitantes, só se poderá matricular naquela especialidade seleccionada na solicitude como de maior preferencia entre elas.
3. O alumnado procedente do curso 2007-2008 que se matricule no curso que lle corresponda no curso 2008-2009, non poden facer solicitude de preinscrición noutra nova especialidade.

4. Serán nulas aquelas solicitudes de preinscrición que non cumpran o sinalado nos apartados 1, 2 e 3 precedentes e, en consecuencia, non poderán ser, en ningún caso, seleccionadas.
5. Aquelas persoas que non se presenten ó terceiro día de clase, despois da apertura oficial do curso, serán dadas de baixa, de non mediar unha xustificación previa por asunto grave ou transcendente.
6. A inasistencia ás clases, sen causa xustificada, durante tres xornadas ininterrompidas, dará lugar a baixa definitiva do/a alumno/a. Antes de notificar a baixa, darase audiencia ao interesado/a.
7. Asemade, causarán baixa definitiva aqueles alumnos/as que aínda por causa xustificada faltasen un 25% ou máis das horas lectivas das materias específicas de cada curso anual ou, xustificada ou inxustificadamente, nun 15% ou máis das horas lectivas das materias complementarias que se fixen como obrigatorias.
8. Consideraranse faltas por causa xustificada aquelas nas que o alumno/a acredite mediante documentación fidedigna a concorrencia dun asunto grave ou transcendente que imposibilitase a asistencia. Será competencia do xefe/a de estudos, co visto e prace do Director/a, a calificación da falta como xustificada, á vista da documentación presentada.
9. As persoas que en plans anuais anteriores teñan cursado tres ou máis cursos de algunha das especialidades coincidentes coas ofertadas dentro do PNC, non poderán solicitar preinscrición na mesma. No momento de detectarse tal duplicidade, será dado de baixa automaticamente, sexa no momento que sexa do desenvolvemento do curso escolar.
10. En caso de non existir prazas suficientes para o número de solicitantes, terán preferencia aqueles empadroados no Concello de Vigo.
11. A formalización da matrícula implica a plena aceptación polo alumno/a do Plan de Normalización Curricular/Curso 2008-2009 aprobado pola Xunta Rectora do Organismo Autónomo na súa sesión de data _____, no que se inclúen as presentes Normas.
12. No non disposto nestas normas, estarase ao que dispoña a legalidade vixente en materia de réxime xurídico das administracións públicas, así como ás normas que emita a dirección do Centro e que se farán públicas en cada momento no Taboleiro e web-EMAO.

F. CALENDARIO DO CURSO 2008-2009

Comezo: 1 de outubro 2008

Remate: 30 de xuño

O período de vacacións para o alumnado (tódolos días incluídos)

- ✓ 23 de decembro 2008 ao 7 de xaneiro 2009
- ✓ 4-12 de abril de 2009

G. ESPECIALIDADES OFERTADAS CURSO 2008-2009

GRUPO I.A.

- GIA1.- CERÁMICA (*)
- GIA2.- ENCADERNACIÓN ARTÍSTICA (*)

GRUPO I.B

- GIB1.- CONSTRUCCIÓN ARTESANAL DE INSTRUMENTOS MUSICAIS (CAIM): ZANFONA (**)
- GIB2.- CONSTRUCCIÓN ARTESANAL DE INSTRUMENTOS MUSICAIS (CAIM): GAITA (**)
- GIB3.- CONSTRUCCIÓN ARTESANAL DE INSTRUMENTOS MUSICAIS (CAIM): LUTHERÍA ANTIGA (**)

GRUPO II

- GII1.- PINTURA (***)
- GII2.- DEBUXO (***)
- GII3.- ESCULTURA E TALLA, EN MADEIRA (***)
- GII4.- MODA E CONFECCIÓN (***)
- GII5.- OURIVERÍA (***)
- GII6.- ARTES GRÁFICAS (***)
- GII7.-REPUXADO EN COIRO (***)
- GII8.- ENCAIXE DE PALILLOS (***)

(*) Non se admite, no curso 2008-2009 alumnado de novo ingreso

(**) A oferta de prazas de alumnado de novo ingreso está condicionada á existencia de vacantes despois de rematar o proceso de matriculación de alumnado incluído na lista de pre-matriculados.

(***) Nº de prazas ofertadas de novo ingreso: 30 (15 + 15)

H) MONOGRÁFICO DE GRAVADO

O equipo directivo da EMAO estudiará a posibilidade da convocatoria específica dun curso intensivo monográfico de Gravado, a desenvolver antes do remate do curso 2008-09. A inscrición neste curso monográfico será independente da matrícula xeral da EMAO recollida nestas Normas. O seu contido, destinatarios, calendario, horario e normas específicas de admisión serán publicitadas, se é o caso, no momento da súa convocatoria.

I) ACTIVIDADE AULA ABERTA-PROXECTOS (AA)

1. Contémplase a implantación para o curso 2008-2009 dunha actividade extracurricular destinada ao alumnado que finalizou no plan de actividades do

curso 2007-2008 o nivel de perfeccionamento III de calquera especialidade, e que, conforme ao disposto neste PNC08, remataron os seus estudos da especialidade respectiva.

2. Esta actividade consiste na presentación e desenvolvemento dun proxecto persoal directamente relacionado coa especialidade rematada no curso 2007-2008, que será seleccionado polo profesor titular da mesma e que poderá ser desenvolvido de xeito non presencial polo alumno/a ao longo do curso 2008-2009, baixo a tutela do docente.
3. A estes efectos, o alumnado seleccionado, poderá acudir, no tempo establecido como AA no cadro horario de cada especialidade, ao taller da EMAO, para poder ser asesorado e dirixido no desenvolvemento do proxecto, en modalidade de titoría, non lectiva, polo profesor da especialidade.
4. A participación do alumnado seleccionado en Aula Aberta-Proxectos, non implica matrícula na EMAO, abríndose soamente un rexistro de proxectos seleccionados anual.
5. Á finalización do proxecto, que deberá ser rematado antes da finalización do curso 2008-2009, o profesor emitirá un informe de valoración no que conste se o alumno/a acadou ou non os obxectivos expresos indicados na súa memoria inicial de proxecto.
6. A solicitude do alumno/a a EMAO, e á vista do informe citado en 5. a EMAO poderá emitir un certificado específico de realización desta actividade.
7. Soamente se poderá presentar un proxecto por alumno/a
8. Presentación e selección de proxectos

8. 1. O alumnado que cumpra a condición recollida no apartado I.1. Poderá presentar un proxecto persoal que conterá, como mínimo, os seguintes apartados:

- ✓ Nome do Proxecto
- ✓ Especialidade
- ✓ Sinopse
- ✓ Obxectivos xerais e específicos
- ✓ Contido
- ✓ Temporalización: fases
- ✓ Resultado final esperado

8.2. O profesor seleccionará de xeito libre e motivado, todos aqueles proxectos que considere de interese, valorando, de xeito orientativo, os seguintes apartados:

- ✓ Orixinalidade
- ✓ Implicación no proxecto dos coñecementos, técnicas e destrezas adquiridos polo alumno/a durante a súa formación.
- ✓ Capacidade intrínseca do proxecto de xerar novo coñecemento ou fixación de aptitudes e actitudes
- ✓ Coherencia e viabilidade
- ✓ Deseño e presentación
- ✓ Adaptación á modalidade de titoría

8.3. A EMAO publicará no Taboleiro na primeira semana do mes de decembro de 2008 o listado dos seleccionados para a actividade AA, facendo constar o nome do alumno/a, especialidade e denominación do proxecto. A partir deste momento darase por comezada a actividade.

8.4. Os materiais necesarios para a realización do proxecto serán integramente por conta do alumno/a seleccionado/a.

8.5. Se o proxecto ten como resultado algún produto material, o alumno/a poderá, se así o desexa, facer doazón ou depósito do mesmo para a escola. A Xunta Rectora, a proposta do/a Director/a da EMAO tralo informe do profesor/a-titor/a do proxecto, decidirá se acepta ou non a doazón ou depósito. A dir

8.6. O alumnado seleccionado, de ser o caso, comprométese a permitir durante o ano 2009 a exposición pública por parte da EMAO, dos elementos materiais produtos finais do desenvolvemento do proxecto.

8.7. O prazo de presentación de proxectos será o comprendido entre o 1 de outubro e o 21 de novembro de 2008.

J) MATERIAIS

1. Serán por conta do alumnado os gastos dos materiais que usen de xeito personalizado durante o curso escolar. Exceptúanse aqueles materiais que, a xuízo do profesorado, sexan de uso común ou que sexan necesarios para a función docente.

6. VIXENCIA DO PNC

1. O PNC terá vixencia ata a aprobación definitiva por parte da Xunta Rectora do Organismo ou órgano competente do Concello de Vigo, dun novo Plan Curricular.
2. O alumnado das especialidades do Grupo II que se incorpora no curso 2008-09 ao PNC, sexa no nivel que sexa, poderá cursar os niveis que para cada especialidade se prevén no seu apartado 3, agás os monográficos, que se acordarán nas normas específicas de aplicación que se aproben cada ano.

Vigo, 11 de xuño de 2008

O XEFE DO SERVIZO DE EDUCACIÓN
SUPERVISOR DA EMAO

O TÉCNICO SUPERIOR DE EDUCACIÓN

Asdo.: Rafael Ojea Pérez

Asdo.: Ignacio Ojea Pérez

CONFORME,
A CONCELLEIRA DELEGADA DE EDUCACIÓN
PRESIDENTA DO O.A. EMAO

Asdo.: Laura López Atrio